



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de maio de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez

D^a M^a José Caride Estévez

D^a M^a Carmen Silva Rego

D^a Yolanda Aguiar Castro

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

D^a Elena Espinosa Mangana

D. Carlos López Font

D. Angel Rivas González

D. Jaime Aneiros Pereira

D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta e un de maio de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e actuando como Secretario o concelleiro, Sr Rivas González (RAL 19/06/2023) constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

No punto 4 incorpórase a concelleira-secretaria da Xunta de Goberno local, Sra. Rodríguez Calviño.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(390).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 24 de maio de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(391).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RETRANSMISIÓN TELEVISIVA E VÍA STREAMING DOS ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20034/101.

Visto o informe xurídico de data 22/05/2024 e o informe de fiscalización do 28/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/05/2024, asinado pola

xefa do departamento administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En base ás consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 11 de marzo de 2024, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato negociado sen publicidade para o servizo de gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo e mais en streaming.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

–Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 11 de marzo de 2024. Fe pública da secretaria de Goberno Local de data 12 de marzo de 2024.

–Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. (anexado no trámite 6 da xestión de expedientes).

–Memoria económica do contrato asinada pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 12 de marzo de 2024. Contén ademais o conforme do Concelleiro de Facenda da mesma data.

–Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares de data 18 de marzo de 2024.

–Memoria xustificativa do contrato de data 14 de maio de 2024 asinada pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.

–Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 18 de marzo de 2024 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

–Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 16 de maio de 2024.

II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do presente expediente e o servizo de contratación da gravación, retransmisión en directo de eventos institucionais locais que se consideran de interese para a cidadanía de Vigo a través dun medio de televisión local e mais en streaming.

O contrato daría cobertura a NOVE eventos institucionais que se consideran de interese para súa retransmisión en directo, que poderían ser entre outros: Cabalgata de Reis, Rondallas, Entroido, Vigueses Distinguidos, Medalla de Honra, Día de Galicia, Acendido e apagado da iluminación do Nadal e Día da Constitución.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

II.2.-Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

O contrato, polo seu obxecto, constitúe un contrato privado de servizos, de acordo co previsto nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público.

O procedemento é o negociado sen publicidade, xa que concorre a situación obxectiva de que Iniciativas Audiovisuales Vigo, SLU é a única entidade que pode cubrir o servizo de retransmisión televisiva dos actos do Servizo de Festas que constitúe o seu obxecto e que xustifica que se lle encomende a unha empresa determinada, como esixe o artigo 168. a. 2) da LCSP.

Achegase no trámite nº 6 do expediente o informe sobre as posibilidades para retransmisión en directo de eventos locais nunha canle televisiva con cobertura en vigo e expectativas de que a súa vez poidera dar cobertura en streaming, elaborado por ECOVIGO PUBLICIDADE, S.L. con data 6 de marzo de 2024, solicitado pola Xefa do departamento administrativo de Alcaldía.

En relación aos criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato atenderase a un único criterio. Por tratarse dun expediente de exclusividade e tendo en conta de que existe un único contratista, o único factor determinante da adxudicación será o prezo.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes: 92200000-3 Servizos de radio y televisión.

Forma de tramitación:

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 130.108,77 co iva engadido.

Prezo sen iva: 107.527,91 €

Importe do iva 21%: 22.580,86 €

A xustificación e desagregación do orzamento base de licitación realizouse en función dos tipos de eventos a realizar, clasificados en tres tipoloxías A, B e C, polas súas necesidades técnicas, tales como: número de cámaras, realización na rúa ou espazos interiores, tipo de emisión, presentador, etc), máis os gastos indirectos (porcentaxe dos gastos xerais e do beneficio industrial).

Fíxase os seguintes prezos unitarios de cada un dos eventos (con IVE):

- EVENTO TIPO A: 16.178,72 euros

- EVENTO TIPO B: 14.003,43 euros
- EVENTO TIPO C: 11.555,50 euros
-

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo abonarase en función da prestación realmente executada, que servirá como base para a execución deste contrato.

Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificacións, nin prorrogas. Sendo o valor estimado do contrato estipúlase en **107.527,92 €**

Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o ive. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

Anualidades

O prazo de execución será dun ano por importe de 130.108,77 co ive engadido. Do 15 de maio de 2024 ao 14 de maio de 2025.

O gasto imputarase as seguintes anualidades:

- Ano 2024: 55.741,08 €
- Ano 2025: 74.367,69 €

II.4 Materias obxecto de negociación e criterios de adxudicación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con el os termos do contrato. No entanto, neste caso, dado que a empresa foi seleccionada, as características do servizo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma.

O único criterio de adxudicación será a porcentaxe único de redución do prezo unitario de cada evento.

II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.7.- Subcontratación

O adxudicatario poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215, 216 e 217 e a disposición adicional quincuaxésima primeira da Lei 9/2017. Non se fixan tarefas críticas.

II.8.- Prazo de execución e prórroga:

Prazo de execución: Un ano. O cómputo do prazo iníciarase o 15 de maio de 2024.

Prórroga: De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.10.- Responsable do Contrato

A responsable do Contrato será a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía

II.11.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.
- Minimización de ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias ós veciños e traballadores.

Co obxecto de contribuír a mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados polo desenvolvemento deste contrato, en concreto no referido ao uso de materiais reciclados e reutilizables.

Os equipos de son emiten ondas acústicas que deben axustarse na intensidade ao emprazamento onde se realice o servizo. Se xustifica a elección destas condicións na mellora da sustentabilidade e a protección do medio ambiente así como na protección das persoas contra as agresións producidas pola enerxía acústica, os ruídos e vibracións.

II.12.- Solvencia

Segundo o establecido nos artigos 84 a 91 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público, sobre a acreditación da aptitude para contratar, os empresarios deberán xustificar a solvencia cos seguintes criterios:

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase mediante unha relación dos principais servizos ou traballos realizados, de

igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. Considérase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato.

No caso de que os datos incluídos na documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar, de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP. Excluirase ao licitador do procedemento e reclamaránselle 250 € en concepto de penalidade.

II.13.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o servizo de contratación da gravación, retransmisión en Televigo dos actos institucionais do Concello de Vigo e mais en streaming.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, asinado con data 18 de marzo de 2024.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 16 de maio de 2024.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de licitación de 130.108,77 co ive engadido. Sendo o importe do ive de 22.580,86 €

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 912.0.227.995.05 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do orzamento de Alcaldía para os anos 2024 e 2025.

O prazo de execución será dun ano (do 15 de maio de 2024 ao 14 de maio de 2025) por un importe de 130.108,77 co ive engadido.

O gasto imputarase as seguintes anualidades:

- Ano 2024: 55.741,08 €
- Ano 2025: 74.367,69 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(392).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MEGAFONÍA EN VARIAS RÚAS DE VIGO NO ÁMBITO DA PROGRAMACIÓN DO NADAL. EXPTE. 7819/106.

Visto o informe xurídico do 20/05/2024 e o informe de fiscalización do 24/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/05/2024, asinado polo enxeñeiro industrial (Resolución concelleira da Área de Goberno do 22/09/2022) e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (7819-106).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a SONIDO COLLAZO, S.L. (B-36.932.689) o procedemento aberto para contratación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal (2021-2022, 2022-2023 e 2023-2024) (7.819-106) por un prezo total de 156.580,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 27.175,05 euros. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Conforme a cláusula 4 do contrato e cláusula 4.C das FEC:

“O prazo do contrato é de tres anos. Data prevista do inicio do contrato 1 de novembro de 2021”.

CON DATA 26/12/2021 dende o Servizo de Intervención, contabilizaronse os documentos D 137728 por importe de 38.831,70 € para o período Decembro 2021 e DFUT 137229 por importe de 117.768,30 € para os anos 2022 - 2023 e período xan - nov 2024, por un erro administrativo contabilizouse o importe de 156.600,00 euros (D+DFUT) en base o prezo de autorización do gasto e a cláusula 11 Rexime de pagamento das FEC.

En base á oferta presentada polo contratista, a adxudicación do contrato no acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/11/2021 e o documento administrativo de formalización do mesmo aparece un importe total para os dous anos de 156.580,05 €, polo que atopase unha diferenza total de 19,95 € que deberán regularizarse na 1ª factura da 1ª prórroga.

PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.

Segundo.- En data 30/11/2021 asinouse o contrato administrativo entre o Concello e a empresa SONIDO COLLAZO SL. O prazo do contrato é de tres anos. Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha. Correspondéndolle a primeira prórroga do contrato ao período comprendido entre 01/12/2024 e o 30/11/2025.

Terceiro.- A tal fin, con data 22/02/2024 notificóuselle por parte do servizo xestor á empresa SONIDO COLLAZO SL., o interese na prórroga do contrato, polo que consta no expe-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

diente a aceptación do contratista á prórroga do contrato de data 29 de febreiro de 2024 presentada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 240072018).

Cuarto.- A prestación do servizo durante o prazo de vixencia do contrato viuse desenvolvendo de forma correcta e satisfactoria para os intereses municipais.

Quinto.- En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- Así mesmo, establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación:

Partida: 4310 2279901 “Programa de decoración y animación Nadal”.

Sétimo.- Conforme ao contrato asinado o 30 de novembro de 2021, a oferta presentada pola empresa SONIDO COLLAZO SL. para o contrato de servizos para a prestación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal é de 52.193,35 € (IVE engadido), correspóndelle ao ano 2024 a cantidade de 38.826,75 euros e ao ano 2025 a cantidade de 13.366,60 euros.

Oitavo- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto, e sendo conforme ao contrato á prestación de servizos que se ven desenvolvendo, e ante a necesidade de continuar con esta, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**

“PRIMEIRO.- Regularizar o importe do contrato, xa que tramitaronse facturas por importe total de 156.600€ cando o importe aprobado en Xunta de Goberno Local foi de 156.580,05, correspondente a oferta do contratista, dado que existe unha diferenza total de 19,95€ que serán descontadas da primeira factura da prórroga.

SEGUNDO. Aprobar a primeira prórroga anual do contrato de servizos para a prestación do servizo de megafonía en varias rúas de Vigo no ámbito da programación de Nadal, na Campaña de Nadal 2024-2025, con efectos a partir do día 01/12/2024 ata o 30/11/2025, adxudicado a empresa **SONIDO COLLAZO SL.** CIF ***9326>> coas seguintes condicións:

- Prezo da prórroga anual do contrato polo importe 52.193,35 euros, (IVE engadido)

- Aprobar o gasto de 52.193,35 € (IVE engadido) con cargo á partida 4310 227 9901 “Programa de decoración y animación Nadal” conforme á seguinte execución das anualidades de gasto:

2024: do 01/12 ao 31/12 = 38.826,75 €

2025: do 01/01 ao 30/11 = 13.366,60 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(393).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE TOMÁS ALONSO E BOUZAS. EXPTE. 62777/332.

Visto o informe de fiscalización de data 23/05/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada con data 22/05/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- *Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 12/12/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 19/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 2.102.607,20 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e de Bouzas, con cargo á bolsa de vinculación das aplicacións orzamentarias 3230.227.9912 (EIM Tomás Alonso) e 3230.227.9913 (EIM Casiano Martínez), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

ANUALIDADE	Importe (exento de IVE)		
	Lote 1: Tomás Alonso	Lote 2: Bouzas	TOTAL
2024 (6 meses - desde 01/06)	142.809,02	143.910,14	286.719,16
2025 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	525.651,80
2026 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	525.651,80
2027 (11 meses)	261.816,54	263.835,26	525.651,80
2028 (5 meses - ata 31/05)	119.007,52	119.925,12	238.932,64
Total	1.047.266,16 €	1.055.341,04 €	2.102.607,20 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Segundo.- En data 20 de marzo de 2024, D^a. Montserrat Carrera Leirós, en nome e representación de SN de CCOO de Galicia, na súa cualidade de secretaria da U.C de Vigo, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“1º Tomar razón da Resolución nº 55/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 40/2024, interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISSIONS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación da xestión parcial das Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” (lote 1) e “Bouzas” (lote 2), expediente 62777-332 . Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto polo SINDICATO NACIONAL DE COMISSIONS OBREIRAS DE GALICIA contra os pregos da contratación da xestión parcial das

Escolas Infantís Municipais “Tomás Alonso” (lote 1) e “Bouzas” (lote 2), expediente 62777-332 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo.”

Cuarto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de maio de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de maio de 2024, de MEGADIVER SOCIEDUCATIVA, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	<i>EMPRESAS</i>	<i>TOTAL</i>
<i>1</i>	<i>KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L.</i>	<i>95,00</i>
<i>2</i>	<i>AURORA, PILAR Y ANA S.L.</i>	<i>85,03</i>
<i>3</i>	<i>COLEGIO LOS MILAGROS S.L.</i>	<i>77,79</i>

- Lote 2

	<i>EMPRESAS</i>	<i>TOTAL</i>
<i>1</i>	<i>KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L.</i>	<i>88,66</i>
<i>2</i>	<i>AURORA, PILAR Y ANA S.L.</i>	<i>86,50</i>
<i>3</i>	<i>COLEGIO LOS MILAGROS S.L.</i>	<i>85,01</i>

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo."

Quinto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), o día 13 de maio de 2024, que presenta a documentación requirida o 15 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución, cos estatutos, da licitadora, e escritura de segregación xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (184.684,69 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (184.684,69 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Seguros de caución por un importe, para o lote 1, de 47.713,45 € e, para o lote 2, de 50.218,40 € que cobren as garantías definitivas requiridas para ambos lotes, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 22 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos

licitadores e, simultaneamente, publicárase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. (Lotes 1 e 2), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de abril e 3 de maio de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

***Primeiro.-** Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de maio de 2024, de MEGADIVER SOCIEDUCATIVA, S.L. por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

***Segundo.-** Adxudicar a KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Tomás Alonso e Bouzas (62777-332) coas seguintes condicións:*

- Lote 1

- a) O prezo total do contrato é de 954.268,92 euros, IVE exento.*
- b) Incremento de 10 horas a semana de adicación do servizo de orientación familiar a maiores do mínimo esixido (2 horas/semana).*
- c) Achega de 5.000,00 euros en materiais didácticos.*

- Lote 2

- a) O prezo total do contrato é de 1.004.368,08 euros, IVE exento.*
- b) Incremento de 10 horas a semana de adicación do servizo de orientación familiar a maiores do mínimo esixido(2 horas/semana).*
- c) Achega de 5.000,00 euros en materiais didácticos.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(394).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO C PARA OS PARQUES DE SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6995/241.

Visto o informe de fiscalización 27/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/05/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno e pola letrada titular da Asesoría Xurídica municipal, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e a apertura do procedemento de licitación

para a contratación do subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo.

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 20 de agosto de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) por un prezo total de 24.352,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.226,42 euros e un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,56%.”

1.

Terceiro.- O contrato formalizouse o día 31 de agosto de 2021 e a execución do contrato iniciouse ao día seguinte, por un prazo de dous anos, prevéndose unha prórroga dun ano de duración.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local do 14 de xullo de 2023 acordou aprobar a primeira prórroga do contrato de subministro de gasóleo polo período dun ano, dende o día 1 de setembro de 2023 ata o 31 de agosto de 2024.

Quinto.- O 19 de abril de 2024 o xefe do servizo de Extinción de Incendios, coa conformidade do concelleiro delegado de CONCELLARÍA, solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor do incremento do prezo do gasóleo.

Sexto.- Con data 2 de maio de 2024 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 7 de maio de 2024.

Sétimo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, en escrito de data 8 de maio de 2024 presentado no Rexistro xeral deste Concello, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén reconecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato se se producise algunha das seguintes circunstancias (apartado 15.C da FEC):

- Cando o incremento dos prezos unitarios dos combustibles, sobre os prezos base utilizados neste prego para os cálculos, teñan unha incidencia negativa no obxecto do contrato reducindo a capacidade de subministro

das unidades (litros de combustible/ano) nun porcentaxe igual ou superior a un 10%.

- Cando o incremento das unidades de consumo (litros) provocadas por un maior gasto por parte dos Parques de Bombeiros do Concello de Vigo, ou o incremento dos mesmos, provoquen un incremento de litros/ano dun 10%.

Se sinalan como aspectos a modificar *“importe máximo do prezo do contrato”* (apartado 15.B da FEC) establecéndose como límite da modificación o 10 % (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe vén motivada polo incremento do prezo do gasóleo. Informan ao respecto o xefe do servizo de Extinción de Incendio, na data 19 de abril de 2024 o seguinte:

“Cando se procede a elaboración do expediente 6359-213 ano 2021 o subministro de gasóleo calefacción para os parques do Servizo de Bombeiros o prezo do gasóleo calefacción tiña un prezo de 0,81€/litro.

A data actual o prezo do gasóleo calefacción se sitúa nun prezo de 1,28€/litro.

Esta alza de prezos do gasóleo calefacción reflicta un incremento do 57% dende principios de 2021.

O que resulta derivado deste incremento de prezo o esgotamento do crédito na partida 1360 2210300 Combustibles Gasóleos.”.

Podemos concluír, á vista do citado informe que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que obedece a necesidade de incrementar o orzamento base de licitación por canto se incrementou o prezo do gasóleo.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 2.435,22 euros, que equivale a un 10 % do mesmo do contrato, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 10 %, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na DA 33ª da LCSP, por tratarse dun contrato de subministración segundo necesidades.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).

- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros e se trata dunha modificación prevista no PCAP. GASÓLEOS AMIGO, S.L., manifestou a súa conformidade coa modificación proposta en escrito de data 8 de maio de 2024 presentado no Rexistro xeral deste Concello.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: adquirir o gasóleo tipo "C" necesario para o funcionamento das instalacións de calefacción e produción de auga quente dos parques de Bombeiros do Concello de Vigo, elo, en virtude das competencias atribuídas nos artigos 25.2.f e 80.2.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia así como decreto de delegación de competencias de data 20/06/2019. Se no se modifica o contrato ao terse esgotado o orzamento base de licitación a consecuencia da subida de prezos do gasóleo non se pode facer fronte a esta necesidade.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 2.435,22 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1360 2210300 "Combustibles Gasóleos", coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
ANO 2024	2.435,22

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP (“As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación”).

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Modificar o contrato do subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (expediente 6359-213), nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 2.435,22 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1360.2210300, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe IVE incluído
ANO 2024	2.435,22

Esta modificación representa un 10 % do prezo do contrato.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo a GASÓLEOS AMIGO, S.L., e publicalo no perfil de contratante do Concello de Vigo."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(395).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 2 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PLANS DE EMERXENCIA E AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA EVENTOS DO SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 10062/335.

Sométese a aprobación a proposta realizada pola Mesa de Contratación con data 28/05/2024, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) (Lote 2)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de abril de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335)

Segundo.- O 26 de abril de 2024 publicouse o anuncio no perfil de contratante, rematando o prazo de presentación de proposicións o 27 de maio de 2024.

Terceiro.- Durante o prazo concedido presentáronse 2 proposicións segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 28 de maio de 2024:

- a) PREVENTECNIA INGENIERÍA Y AUTOPROTECCIÓN, S.L. (Lote 1)
- b) NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (Lotes 1 e 2)

A licitadora NURIA BALBOA RODRÍGUEZ presentou unha proposición aos lotes 1 e 2 a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o 27 de maio de 2024 ás 23:36 horas e outra proposición aos mesmos lotes a través do Rexistro Xeral (documentos nº 240161726 e 240161729 a 240161746), tal e como se indica no citado certificado, os días 27 e 28 de maio de 2024, sen encriptar.

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de maio de 2024, acordou non admitir a NURIA BALBOA RODRÍGUEZ nos lotes 1 e 2 por ter presentado dúas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP “Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.”). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Segundo.- Dado que na sesión do 28 de maio de 2024 acordouse non admitir ao único licitador presentado no lote 2 desta licitación, NURIA BALBOA RODRÍGUEZ, procede declarar deserto o devandito lote.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lote 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos (10062-335) porque o único licitador presentado no mesmo non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 LCSP e cláusula 13.4 do PCAP “Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición (..) A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.”). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 13.5 do PCAP “A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador.”).”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(396).- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO VINCULADA Á ORGANIZACIÓN DO TORNEO VIGO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO FEMININO DE PREPARACIÓN DOS JJOO PARÍS 2024. EXPTE. 23617/333.

Visto o informe xurídico de data 09/05/2024 e o informe de fiscalización do 22/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/05/2024, asinado polo

xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

a.- Con datas 16.04.24 e 25.04.24 a Federación Española de Baloncesto solicitou, a través do rexistro xeral do Concello de Vigo (Doc. 240119768 e 240126942) a solicitude de subvención pola organización na cidade de Vigo do Torneo Vigo de Baloncesto feminino de preparación para os JJOO París 2024 por un importe de 120.000,00€.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

b.- Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

c.- Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

d.- Da mesma forma, a proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo entre outras cuestións, en liña co establecido no dito plan, a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística, crear un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio, colaborar co desenvolvemento de eventos e programas deportivos na cidade de Vigo, colaborar no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, contribuír á promoción da cidade de Vigo, etc.
O evento obxecto da presente proposta contribúe ó cumprimento dos ditos obxectivos o que fundamenta a proposta de subvención.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

Esta competición servirá, entre outras cuestións para:

- Estimular o turismo na cidade, incrementando a demanda de aloxamentos.
- Promocionar a cidade de Vigo como cidade do deporte, colocándoa como referencia da modalidade.
- Posicionar a Vigo como lugar de interese no ámbito deportivo.
- Proxectar a imaxe da cidade a nivel internacional.
- Atraer inversións á cidade do ámbito deportivo.
- Servir de referencia para os e as xóvenes deportistas da cidade.
- Potenciar a marca Vigo como cidade do deporte.

O obxectivo desta actuación de fomento, responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A vixencia do convenio é pola organización do evento deportivo “Torneo Vigo de Baloncesto Feminino”, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Segundo.- Motivación

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que xustifica que se conceda directamente, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. A súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade a tres dos mellores equipos de baloncesto feminino a nivel mundial.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación para los JJOO París 2024 garanten unha ampla cobertura mediática tendo en conta os antecedentes de eventos similares grazas fundamentalmente á retransmisión en directo dos partidos en aberto a través de Teledeporte, así como o alcance global que terá nos países participantes, Turquía e China, cunha media en España de seguimento por encima dos 80.000 espectadores segundo os datos aportados pola Federación na proposta presentada.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión internacional extraordinaria, coa presenza de tres seleccións do mais alto nivel internacional, cunha asistencia de público esperado de gran volume, cuestións que se traducirán nun retorno importantísimo para a cidade de Vigo no plano social, económico e de promoción.

Esta competición ademais de servir de escaparate mundial para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións internacionais, impulsarán ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Terceiro.- Proposta

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión directa dunha subvención a favor da Federación Española de Baloncesto, CIF: Q2878005D pola organización do Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación para os JJOO París 2024 na cidade de Vigo e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 120.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 e a súa bolsa de vinculación, a favor da entidade FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO, CIF: Q2878005D e enderezo social na Avda. De Burgos, 8-A, 9ª planta, Edificio Bronce (28036), en Madrid, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE VIGO A FAVOR DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO TORNEO VIGO DA SELECCIÓN ESPAÑOLA DE BALONCESTO FEMININO DE PREPARACIÓN DOS JJOO PARÍS 2024 (EXpte. 23550/333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana . Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)

Doutra, Dna. Elisa Aguilar López como presidenta da Federación Española de Baloncesto CIF: Q2878005D e enderezo social na Avda. De Burgos, 8-A, 9ª planta, Edificio Bronce (28036), en Madrid, segundo resulta da documentación obrante no expediente 23617/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é o desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo "Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación dos JJOO París 2024" pola Federación Española de Baloncesto, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A Federación Española de Baloncesto, propón a celebración na cidade de Vigo da "Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación dos JJOO París 2024", unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun centro de atención internacional do baloncesto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

II.-Que a entidade Federación Española de Baloncesto organizará no mes de xuño, o “Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación dos JJOO París 2024”, de grande espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Fomentar a ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da Federación Española de Baloncesto por importe de 120.000,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadjuvar co financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo “Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación dos JJOO París 2024”.

VI.- Que a entidade Federación Española de Baloncesto non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e fronte á Seguridade Social, e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Federación Española de Baloncesto materializan o seu interese acordando a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación Española de Baloncesto comprométese a organizar o “Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación dos JJOO París 2024” na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización nas condicións detalladas no proxecto presentado e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

1º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento deportivo.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Federación Española de Baloncesto (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á Federación Española de Baloncesto unha subvención por importe de 120.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 e a súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

deportivo “Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación dos JJOO París 2024”. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2024.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados. O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Torneo Vigo de Baloncesto Feminino de preparación dos JJOO París 2024”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV, capítulo I, e arts 59, 65, 67, 68 y 69 do capítulo II da LXS e Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de novembro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os da súa representante serán incorporados aos ficheiros municipais.

A finalidade da súa recollida é a instrución e tramitación do procedemento de concesión desta subvención así como o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa de aplicación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto polo Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento e do Consello de 27 de abril de 2016 e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses. A súa modificación requirirá acordo unánime das partes asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

8(397).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E O EMPREGO. EXPTE. 20716/77.

Visto o informe de fiscalización de data 22/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/05/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto da subvención:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo - que se integra na liña 4.12 de fomento de actividades sociais: emprendemento e proxectos empresariais innovadores do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realizen como máximo entre o **1 agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024**.

II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local

(LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013.

A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Emprego.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

III. Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

IV. Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a que mediante a investigación e a innovación, se fomente o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

V. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

VI. Tramitación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Na Base 1ª referente ao Obxecto, engádese a referencia á liña do Plan Estratéxico de Subvencións na que se encadra, e modifícase o prazo máximo imputable de execución dos proxectos, pasando a ser do 01 de agosto de 2023 ao 31 de xullo de 2024.
- Na Base 12ª referente ao prazo e forma de xustificación da subvención outorgada, modifícase a data límite de presentación da devandita xustificación ao 31 de agosto de 2024.

Elimínase o último parágrafo do apartado 3º) da Base 12ª, por indicación de Intervención, que dicía: "... Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención."

VII. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2024 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024 as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VIII. Tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar estas solicitudes de subvención xunto coa documentación complementaria, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude ou a documentación complementaria presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos,

considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

Así mesmo e, a tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, as entidades beneficiarias achegarán a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a presentación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

IX. Contía total e crédito orzamentario:

- a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
- c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Para facilitar a administración da axuda concedida poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coas entidades destinatarias da convocatoria.

X. Publicidade:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

XI. Órgano competente:

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local. Xa que logo, de conformidade co disposto na vixente LRBRL e de acordo coas delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo.

XII. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23.3 da Lei de Subvencións de Galicia, e nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 124 da Lei 7/85 e Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2023), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados coa investigación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2024.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as Bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” correspondentes ao ano 2024 e os modelos de formularios oficiais, que se achegan ao presente acordo.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición das persoas usuarias.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO.

Base 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

Obxecto:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo - que se integra na liña 4.12 de fomento de actividades sociais: emprendemento e proxectos empresariais innovadores do Plan Estratégico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realizasen como máximo entre o **1 agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024**.

Finalidade:

Estas axudas están dirixidas a que mediante a investigación e a innovación, se fomente o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionadas co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

Base 2ª.- REQUISITOS DAS ENTIDADES SOLICITANTES

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as entidades, sen ánimo de lucro, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria,
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases, e que veñan desenvolvendo actividades de investigación e innovación en proxectos relacionados coa industria, cando menos 6 meses antes da publicación da convocatoria.
4. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acrediten a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
5. Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. A/s interesada/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o **Anexo VI** cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei

38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

6. Acompañar á solicitude a documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
7. Que as persoas físicas que ostentan a representación legal das entidades beneficiarias e os seus membros asociados, non estean incursoas nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.

Base 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubitado, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización dos gastos de funcionamento e difusión necesarias para o desenvolvemento do proxecto, e das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables os realizados dentro dos prazos establecidos na convocatoria entre o **1 agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que a/as entidade/s poidan cumprir os fins que lle son propios ou derivados especificamente das contratacións de persoal e gastos de funcionamento realizadas para o desenvolvemento das actividades programadas, e que teñan acomodo no obxecto de convocatoria:

- Custes salariais derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo a subvención.
- Custes de seguridade social a cargo da entidade do persoal contratado e/ou da entidade con cargo a subvención.
- Gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta en marcha do proxecto presentado.
- Gastos de difusión, publicidade e asistencia a eventos.
- Gastos de aluguer de locais e maquinaria.
- Gastos de compoñentes necesarios para o desenvolvemento do proxecto.
- Gastos de transporte necesarios para o desenvolvemento do proxecto.
- Gastos de inscrición en feiras, competicións, simposios, xornadas ..., co obxecto de expoñer e/ou compartir coñecementos e execución do proxecto innovador.
- En xeral todos aqueles necesarios para a execución do proxecto ou proxectos presentados.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Tampouco se considerarán como gastos subvencionables incluídos entre os custos salariais obxecto da subvención, os seguintes:

- a) A indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores.
- b) Os incentivos e complementos extrasalariais que non formen parte da base de cotización.
- c) As vacacións pagadas, pero non desfrutadas.
- d) As horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Base 4ª.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

- a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, e en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
- c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Base 5ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento da contratación e de gastos subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria.

Base 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS BENEFICIARIAS

As beneficiarias das subvencións conforme á presente normativa, están obrigadas a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da convocatoria.

2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todos os lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o Anexo VII aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no departamento de Desenvolvemento Local e Emprego para todas aquelas persoas que o soliciten. Así mesmo, na páxina web e/ou nas redes sociais, ata a finalización do ano 2024, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
12. Cumprir cos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Base 7ª.- PRAZO E PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electronicamente**.

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude.

BASE 8ª.- DOCUMENTACIÓN

A documentación complementaria deberá **achegarse asinada electronicamente e remitirse a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo**. Os solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os solicitantes achegarán coa solicitude a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I** "Solicitude": Unha solicitude de participación, con expresión, segundo proceda, de:

- datos da entidade solicitante
- datos da persoa representante legal
- identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar) e/ou un enderezo de correo electrónico, que servirán para o envío dun aviso de notificación de posta a disposición das notificacións electrónicas.
- enderezo a efectos de notificación
- datos do proxecto (contía solicitada)
- **sinatura electrónica**

b) **Anexo II**: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos **asinada electronicamente**.

c) **Anexo III**: Ficha de solicitude de transferencia bancaria ou certificación bancaria **asinada electronicamente**.

d) **Anexo IV**: Declaración responsable das axudas solicitados e/ou concedidas **asinada electronicamente**.

e) **Anexo V**: "Memoria do proxecto de contratacións, actividades e metodoloxía a empregar no proxecto a realizar" **asinado electronicamente**.

f) **Anexo VI**: **Autorización expresa para a consulta e verificación de datos** polo Concello de Vigo, para comprobar se o/a solicitante ten ou non débedas coa AEAT, Tesourería da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Vigo.

No caso de non querer achegar este Anexo ou de non estar debidamente cuberto, o solicitante terá que achegar as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

g) **Anexo VII:** cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo.

h) **Certificación asinada polo/a secretario/a** ou persoa habilitada para o efecto pola entidade na que se indique a relación de persoas contratadas no proxecto presentado contratadas con cargo a esta subvención (función, nome, apelidos, DNI e data de inicio do contrato).

i) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos da entidade** que consideren relevante (declaración de utilidade pública, honras, distincións...), puidendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar os devanditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento de Emprego poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

Base 9ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto. **Ata 20 puntos.**
 - a) Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
 - Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. **9 puntos.**
 - Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico e laboral e, que teñan viabilidade técnica. **6 puntos.**
 - Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. **5 puntos.**

No caso de que o proxecto de actividades non obteña a **puntuación mínima de cinco (5) puntos** por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.
2. Áreas económicas relacionado co proxecto:
 - a) Tecnoloxías da comunicación **5 puntos**
 - b) Automoción **5 puntos**
 - c) Industria naval **5 puntos**
 - d) Enerxías renovables **5 puntos**
 - e) Biotecnoloxía **4 puntos**
 - f) Outras áreas e/ou sectores **2 puntos**
3. Uso da lingua galega no/s proxecto/s **5 puntos.**
4. Número de persoas contratadas con cargo a esta subvención:
 - a) **1 punto** por cada contrato.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes no Servizo de Emprego do Concello de Vigo.

BASE 10ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓNS

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polas entidades, desestimarase as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.

- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando non se axuste á solicitude o proxecto de actividades que fundamentan a concesión da subvención.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes para Programas que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, no vixente exercicio orzamentario.

BASE 11ª.- PROCEDEMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2 Vogais: A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un/ha dos/as vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, resolverá o nomeamento das persoas titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de persoas expertas sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todas as entidades solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que as beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **tres meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude; desistimento que será aceptado de plano pola administra-

ción concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8- **Dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Base 12ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA

As beneficiarias deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, para o cal disporán dun prazo de **quinze (15) días** a contar desde o remate das accións do proxecto subvencionado, e que finalizará, en todo caso, o 31 de agosto de 2024.

A tal efecto deberá achegar electronicamente unha **conta xustificativa** que estará integrada pola documentación que se indica a continuación:

1º Declaración responsable asinada electronicamente (Anexo VIII) na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

2º Memoria de actividades realizadas asinada electronicamente (Anexo IX), conforme ao proxecto achegado coa solicitude, no que fundamentaron a concesión da/s subvención/s realizadas, e na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:

- Denominación
- Financiamento.
- Contratacións realizadas:
 - Novas contratacións:
 - Denominación do/s posto/s.
 - Perfís profesionais
 - Persoas contratadas.
 - Período de contratación.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Contratos do persoal, debidamente rexistrados no SEPE, da entidade para o desenvolvemento do proxecto:
 - Denominación do posto.
 - Perfil profesional.
 - Persoa asignada ao proxecto.
 - Período de traballo.
 - Xornada laboral indicando horarios de desenvolvemento das actividades.
 - Nos cursos de formación realizados ao persoal contratado con cargo a subvencións explicitarase:
 - Programa do curso.
 - Horas de formación.
 - Identificación dos participantes e do monitor/a con apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - Actuacións realizadas por persoal contratado con cargo á subvención.
 - Datas e lugar de celebración.
 - Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.

➤ Material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada co fomento do emprego.

➤ Memoria de prensa e comunicación.

➤ Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web da entidade ou en calquera outra na que se difundan as actividades desenvolvidas polo persoal contratado e/ou asignado con cargo á subvención, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo, e para cada unha das actividades levadas a cabo, a difusión pública do cofinanciamento, en todo caso, para a actividades executadas con posterioridade á presentación das solicitudes de subvencións.

3º) Memoria económica: as entidades beneficiarias achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica **asinada electronicamente en .pdf** coa relación dos **custos salariais e de seguridade social (Anexo X – folia de cálculo** que ademais remitirán por correo electrónico a ofi.emplo@vigo.org), así coma dos **outros custos** (gastos financeiros e de xestión), segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo XI - folia de cálculo**, que tamén remitirán por correo electrónico a ofi.emplo@vigo.org), que incluírá unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electronicamente das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente. Indicarán o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada:

- **Custos salariais:** para a xustificación das retribucións de persoal achegarán a seguinte documentación:

- Contrato de traballo do/s novo/s traballador/es contratados debidamente rexistrados no SEPE.
- Contrato de traballo e/ou vida laboral do persoal da entidade con cargo á subvención.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (xunto co seu xustificante de pago) e Relación nominal de traballadores.
- Modelo 111 (Impreso da liquidación nominal do IRPF) (xunto cos xustificantes do seu pagamento).
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións).

- **Outros custos:** reflectiranse na táboa correspondente do **Anexo XI** todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, indicando o **nome de empresa**, o **NIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa á subvención (total/parcial)**.

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo XII**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

4º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Base 13ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 01 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O persoal técnico do Servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

Base 14ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 15ª.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Antes de proceder ao pago das subvencións, comprobarase que a entidade beneficiaria está ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, tal e como se indica na Base 13ª.

Así mesmo, deberá comunicarse ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Base 16ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido.
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira.**
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concorrenza de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade, co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Base 17ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Base 18ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 19ª.- PUBLICIDADE.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Primeiro. Obxecto e Finalidade.

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo - que se integra na liña 4.12 de fomento de actividades sociais: emprendemento e proxectos empresariais innovadores do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realizasen como máximo entre o **1 agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024**.

Estas axudas están dirixidas a que, mediante a investigación e a innovación, se fomenta o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionados co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.

Segundo. Beneficiarias.

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

Terceiro. Réxime da convocatoria.

A convocatoria realízase en réxime de concorrència competitiva.

Cuarto. Normativa e bases reguladoras.

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Quinto. Contía das axudas.

- a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, e en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrència con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.

c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electronicamente**. Cada entidade poderá presentar unha **única** solicitude.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación.

1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

2.- O Servizo de Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2 Vogais: A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un/ha dos/as vogais membro da Comisión, con voz e voto.

A concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, resolverá o nomeamento das persoas titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de persoas expertas sobre materias concretas se o considera conveniente.

5- As solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todas as entidades solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que as beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **tres meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da súa solicitude; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

7- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8- Dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

Oitavo. Criterios de valoración.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.

Ata 20 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

- a) Valorarase o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:
- Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. **9 puntos.**
 - Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico e laboral e, que teñan viabilidade técnica. **6 puntos.**
 - Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. **5 puntos.**
- No caso de que o proxecto de actividades non obteña a **puntuación mínima de cinco (5) puntos** por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

2. Áreas económicas relacionado co proxecto:
- | | |
|--------------------------------|-----------------|
| a) Tecnoloxías da comunicación | 5 puntos |
| b) Automoción | 5 puntos |
| c) Industria naval | 5 puntos |
| d) Enerxías renovables | 5 puntos |
| e) Biotecnoloxía | 4 puntos |
| f) Outras áreas e/ou sectores | 2 puntos |
3. Uso da lingua galega no/s proxecto/s **5 puntos.**
4. Número de persoas contratadas con cargo a esta subvención:
- a) **1 punto** por cada contrato.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes no Servizo de Emprego do Concello de Vigo.

Noveno. Outros datos.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) do Concello de Vigo.

Décimo. Publicación.

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art.

14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación, segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO dd/mm/2024 POLO QUE SE CONVOCAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO 2024

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro.- Beneficiarias:

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades sen ánimo de lucro que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.

Segundo.- Obxecto e Finalidade:

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola concellería da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo - que se integra na liña 4.12 de fomento de actividades sociais: emprendemento e proxectos empresariais innovadores do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 08.03.2024 - ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas para o desenvolvemento de proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego a entidades sen ánimo de lucro, que se realizen como máximo entre o **1 agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024**.

Estas axudas están dirixidas a que, mediante a investigación e a innovación, se fomenta o desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación, preferentemente relacionados co sector secundario, que poidan dar lugar a xeración de emprego e permitan:

- Facilitar a adquisición de experiencia no ámbito da investigación e a innovación en sectores de interese para o emprego en Vigo e Galicia.
- Fomentar as actividades ocupacionais e informativas de cara a unha integración laboral.
- Fomentar a investigación e o desenvolvemento de proxectos que melloren a actividade económica, preferentemente do sector secundario, cara a incidir na mellora real e o incremento do emprego.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Terceiro.- Bases reguladoras:

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do XX/XX/2024 e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/?lang=gal>.

Cuarto.- Contía:

- a) A contía total destinada a estas subvencións serán como máximo de 40.000 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 "Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados ca investigación", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- b) O importe máximo da subvención ou axuda será de 15.000,00 €, e en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actividade ou actuación subvencionada.
- c) A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e **asinadas electronicamente**. Cada entidade poderá presentar unha **única** solicitude.

Sexto.- Outros datos:

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) do Concello de Vigo.

9(398).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2023/2024 OU DO ANO 2024. EXPTE.12855/224.

Visto o informe xurídico do 15/05/2024 e o informe de fiscalización do 28/05/2024, dáse conta do informe-proposta de data 14/05/2024, asinado pola xefa de Igualdade e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria do procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva a clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que promovan o deporte feminino (licenzas femininas en equipos ou en categorías individuais), teñan o seu enderezo social ou delegación en Vigo, contén con personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e reúnan os demais requisitos establecidos nas bases reguladoras, co obxecto de contribuír a financiar os gastos ocasionados polo seu funcionamento e a súa actividade deportiva na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.

Porén, o acceso e a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo.

O “Anuario de estadísticas deportivas 2023”, que é unha publicación editada en maio do ano 2023, realizada pola *División de Estadística y Estudios de la Secretaría General Técnica del Ministerio de Cultura y Deporte*, recolle unha selección dos resultados máis relevantes do ámbito deportivo e está elaborado a partir das múltiples fontes estatísticas dispoñibles, como a “Enquisa de Hábitos Deportivos en España 2022”, que pertence ao Plan Estatístico Nacional, realizada polo Ministerio de Cultura e Deporte xunto ao Consello Superior de Deportes, coa colaboración do Instituto Nacional de Estadística. De entre os datos recollidos nesta publicación, destacan os seguintes referidos ao ano 2022:

- No ámbito estatal, a porcentaxe de mulleres que comezan a facer deporte antes dos 15 anos é de 55,30% fronte ao 73,50% de homes. A porcentaxe de mulleres que practican deporte, independentemente da frecuencia da práctica deportiva, é de 51,80% fronte ao 63,10% de homes.
- Con respecto ao deporte federado, o 75,70% das licenzas federadas corresponden a homes e o 24,30% a mulleres. Do total de licenzas deportivas en España, pertencen a homes 3.109.236 e tan só 998.085 pertencen a mulleres. Ademais, a porcentaxe de homes que dispón, a lo menos, dunha licenza deportiva en vigor supera en máis do triplo ao de mulleres: 14,90% de homes fronte a 4,60 % de mulleres. Unicamente o 9,20% das mulleres participou en competicións deportivas organizadas, menos da metade que os homes, que chegaron ao 22,30%. O 60,80% das persoas deportistas de alto nivel son homes, fronte o 39,20% de mulleres.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

- Os datos no ámbito autonómico no deporte federado non son diferentes: en Galicia o 24,86% das licenzas pertencen a mulleres e o 75,13% a homes.

Os datos que reflicten a escasa participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes, en termos porcentuais, aos de Galicia e de España. Segundo datos obtidos do “Informe de impacto de xénero sobre o proxecto de orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024”, podemos destacar que, do total de licenzas coas que contan os clubs deportivos que se presentaron á convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen fins de lucro do ano 2023 do Concello de Vigo (21.972 licenzas), tan só o 26% (5.710 licenzas) pertencían a mulleres ou nenas.

Estes datos avalan que non se trata dunha situación puntual ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

O informe “*Desigualdades de las deportistas de alta competición en España y medidas para la igualdad efectiva*”, publicado no ano 2023 polo Ministerio de Igualdade, sinala os seguintes argumentos, nos que coinciden deportistas e profesionais do ámbito do deporte entrevistadas no estudio, á hora de explicar as desigualdades na práctica deportiva: por unha banda, a existencia dunha estrutura social que privilexia aos homes, a través dun sistema de valores e de roles asociados ao xénero e, por outra banda, o menor acceso das mulleres ao poder e aos postos de toma de decisións.

Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especialmente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que as realizadas por mulleres. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas, limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licenzas femininas e, por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de promoción do deporte e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

Na mesma liña, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón, no seu artigo 80.2, que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, nas materias de actividades deportivas e de execución de programas propios destinados á muller.

Pola súa banda, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, tamén fai referencia ao ámbito do deporte. Así, o seu artigo 29 establece que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, así como que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia que, no seu capítulo X, adicado as actividades culturais, artísticas, deportivas e de ocio, regula a promoción da igualdade no deporte en aras de fomentar o deporte feminino e para erradicar as actitudes machistas; e a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que, no seu artigo 3.b), establece como principio reitor *“o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha”* e, no artigo 5.3, dispón que *“no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”*.

Por todo o exposto, o Concello de Vigo pretende promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específicas, destinou 27.000 euros para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse este importe a 45.000 euros e aumentaron as entidades beneficiarias. Así, no ano 2023, 77 clubs vigueses beneficiáronse desta liña de subvencións.

Neste exercicio 2024, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 45.000,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente.

O Servizo de Igualdade informa de que o consumo de crédito na bolsa de vinculación xurídica do capítulo 4 non altera o normal funcionamento do Servizo no vixente exercicio, ademais infórmase de que a teor do consumo de crédito na bolsa de vinculación minorarase proporcionalmente a partida de gasto da citada bolsa 2311 4539000 *“Convenio Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Centro de Emerxencia”* do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

incluídas na liña estratéxica “4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero”, cuxos obxectivos, entre outros, son:

- Promover o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.
- Apoiar economicamente aos clubs e ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas.
- Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
- Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, posto que fomentan o acceso, a permanencia e a promoción das mulleres e nenas no deporte mediante o apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que contan cun mínimo de 10 licenzas femininas ou, no caso de deporte adaptado, 1 licenza feminina.

As bases reguladoras destas subvencións non obrigan a xustificar as axudas concedidas coa acreditación do pagamento dos xustificantes dos gastos. Isto ven motivado, por unha banda, pola escasa contía das axudas que se conceden ao abeiro desta convocatoria e, por outra banda, pola insuficiente capacidade económica da maioría das entidades sen ánimo de lucro que concorren. Tal e como dispoñen o artigo 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permítese a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións, o que se establece na base 15ª das bases reguladoras destas subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación ao cumprimento dos requisitos para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera o establecido no artigo 20 da citada lei e, asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e á convocatoria destas subvencións é a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación estatal básica en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2024; o Plan Estratéxico de

Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual e os seus anexos I a VII, incorporados ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual e o extracto da mesma (incorporados ao expediente), que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións en base ao establecido na Resolución do 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto por importe máximo de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros), que se imputará á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2023/2024 OU DO ANO 2024 NO CASO DAS MODALIDADES DEPORTIVAS CUXA TEMPADA SEXA ANUAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O deporte é un pilar básico para a saúde e o benestar, tanto físico como psicolóxico, que potencia a estima das persoas que o practican, ao igual que o coñecemento do seu propio corpo, motivando un estilo de vida con hábitos saudables. Asemade, o deporte é un medio para afirmar a personalidade dun xeito integral, que lle aprende a quen o practica cualidades como o liderado, a autosuperación, o compañeirismo e a autoestima. O deporte tamén é un espazo socializador que axuda na prevención de prácticas discriminatorias e violentas, e a súa práctica, en igualdade de condicións para mulleres e homes, repercute nunha sociedade máis igualitaria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Porén, o acceso e a participación das mulleres no ámbito deportivo foi tardío e, aínda hoxe, a súa presenza é menor en case todas as modalidades da práctica recreativa, competitiva e/ou profesional, así como en todas as estruturas que conforman o sistema deportivo.

O “Anuario de estadísticas deportivas 2023”, que é unha publicación editada en maio do ano 2023, realizada pola *División de Estadística e Estudios da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Cultura e Deporte*, recolle unha selección dos resultados máis relevantes do ámbito deportivo e está elaborado a partir das múltiples fontes estatísticas dispoñibles, como a “Enquisa de Hábitos Deportivos en España 2022”, que pertence ao Plan Estatístico Nacional e foi realizada polo Ministerio de Cultura e Deporte xunto ao Consello Superior de Deportes, coa colaboración do Instituto Nacional de Estadística. De entre os datos recollidos nesta publicación, destacan os seguintes referidos ao ano 2022:

- No ámbito estatal, a porcentaxe de mulleres que comezan a facer deporte antes dos 15 anos é de 55,30% fronte ao 73,50% de homes. A porcentaxe de mulleres que practican deporte, independentemente da frecuencia da práctica deportiva, é de 51,80% fronte ao 63,10% de homes.
- Con respecto ao deporte federado, o 75,70% das licenzas federadas corresponden a homes e o 24,30% a mulleres. Do total de licenzas deportivas en España, pertencen a homes 3.109.236, e tan só 998.085 pertencen a mulleres. Ademais, a porcentaxe de homes que dispón, a lo menos, dunha licenza deportiva en vigor supera en máis do triplo ao de mulleres: 14,90 % de homes fronte a 4,60 % de mulleres. Unicamente o 9,20% das mulleres participou en competicións deportivas organizadas, menos da metade que os homes, que chegaron ao 22,30%. O 60,80% das deportistas de alto nivel son homes e o 39,20% son mulleres.
- Os datos no ámbito autonómico no deporte federado non son diferentes: en Galicia, o 24,86 % das licenzas pertencen a mulleres e o 75,13% a homes.

Os datos que reflicten a escasa participación das mulleres e nenas nas entidades deportivas da cidade son semellantes, en termos porcentuais, aos de Galicia e de España. Segundo datos obtidos do “Informe de impacto de xénero sobre o proxecto de orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2024”, podemos destacar que, do total de licenzas coas que contan os clubs deportivos que se presentaron á convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen fins de lucro do ano 2023 do Concello de Vigo (21.972 licenzas), tan só o 26% (5.710 licenzas) pertencían a mulleres ou nenas.

Estes datos avalan que non se trata dunha situación puntual ou froito do azar, senón que responde a mecanismos de desigualdade directos e indirectos aínda existentes na sociedade.

O informe “*Desigualdades de las deportistas de alta competición en España y medidas para la igualdad efectiva*”, publicado no ano 2023 polo Ministerio de Igualdade, sinala os seguintes argumentos, nos que coinciden deportistas e profesionais do ámbito do deporte entrevistadas no estudio, á hora de explicar as desigualdades na práctica deportiva: por unha banda, a existencia dunha estrutura social que privilexia aos homes, a través dun sistema de valores e de roles asociados ao xénero, por outra banda, o menor acceso das mulleres ao poder e aos postos de toma de decisións.

Xeralmente, as nenas, a partir dos doce anos de idade, abandonan de xeito preocupante as prácticas deportivas, renunciando aos seus beneficios físicos e psíquicos, nunha idade especial-

mente importante para formar a personalidade. Como ocorre noutros ámbitos, as mulleres deben superar barreiras e estereotipos que limitan a súa participación no deporte e xeran desigualdade.

Tamén é salientable a menor repercusión que teñen nos medios de comunicación a participación deportiva e os logros conseguidos por mulleres ou nenas deportistas. As competicións masculinas adoitan contar con maior impacto social, recursos e interese que as realizadas por mulleres. Esta invisibilización repercute de forma negativa na percepción das deportistas sobre a súa práctica, inflúe tamén minorando a afluencia de público nas competicións femininas, limita o acceso ao financiamento dos propios clubs e equipos con licenzas femininas e, por último, o feito de ter menos referentes de mulleres deportistas reflectidas nos medios, un dos principais axentes socializadores, obstaculiza o acceso das nenas e mulleres á práctica deportiva.

Todo o exposto confirma que as mulleres non teñen as mesmas oportunidades que os homes neste eido e avala a necesidade de establecer políticas públicas tendentes a corrixir esa situación de desigualdade, que axuden a remover estes obstáculos e promovan o acceso, permanencia e promoción das nenas, adolescentes e mulleres na práctica deportiva.

II

O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas materias de promoción do deporte e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.

Na mesma liña, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón, no seu artigo 80.2, que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, nas materias de actividades deportivas e de execución de programas propios destinados á muller.

Pola súa banda, a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, tamén fai referencia ao ámbito do deporte. Así, o seu artigo 29 establece que *“todos os programas públicos de desenvolvemento do deporte incorporarán a efectiva consideración do principio de igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no seu deseño e execución”*, así como que *“o Goberno promoverá o deporte feminino e favorecerá a efectiva apertura das disciplinas deportivas ás mulleres, mediante o desenvolvemento de programas específicos en todas as etapas da vida e en todos os niveis, incluídos os de responsabilidade e decisión”*.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre mencionar a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia que, no seu capítulo X, adicado as actividades culturais, artísticas, deportivas e de ocio, regula a promoción da igualdade no deporte en aras de fomentar o deporte feminino e para erradicar as actitudes machistas; e a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que, no seu artigo 3.b), establece como principio reitor *“o dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación algunha”* e, no artigo 5.3, dispón que *“no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrarase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitarse calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”*.

III

Por todo o exposto, o Concello de Vigo quere promover o deporte feminino a través do apoio ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulle-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

res nas distintas modalidades deportivas. No ano 2017, a Concellería de Igualdade, a través da convocatoria de subvencións específicas, destinou 27.000 euros para esta finalidade e foron beneficiarias desta liña de subvencións un total de 56 entidades deportivas. Nos anos seguintes incrementouse este importe a 45.000 euros e aumentaron as entidades beneficiarias. Así, no ano 2023, 77 clubs vigueses beneficiáronse desta liña de subvencións.

Neste exercicio 2024, o Servizo de Igualdade do Concello de Vigo destina un crédito máximo de 45.000,00 €, que se fará efectivo con cargo á aplicación orzamentaria específica 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente.

O crédito previsto, a liña estratéxica, os obxectivos estratéxicos a conseguir, o réxime de control e seguimento e a modalidade de concesión destas axudas están previstos no Plan Estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024. Concretamente, estas subvencións están incluídas na liña estratéxica “4.8. Actividades de defensa da igualdade de xénero”, cuxos obxectivos, entre outros, son:

- Promover o acceso, permanencia e promoción das nenas e mulleres nas prácticas deportivas.
- Apoiar economicamente aos clubs e ás entidades deportivas da cidade que fomenten a participación e a promoción das nenas e mulleres na competición das distintas disciplinas deportivas.
- Visibilizar e corrixir a segregación horizontal e vertical da participación das mulleres e nenas no deporte.
- Promover que se produza un aumento da repercusión nos medios sobre a participación das mulleres e nenas nas prácticas deportivas.

Con estas subvencións contribúese ao logro de tales obxectivos, posto que fomentan o acceso, a permanencia e a promoción das mulleres e nenas no deporte mediante o apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que contan cun mínimo de 10 licenzas femininas ou, no caso de deporte adaptado, 1 licenza feminina.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións teñen por obxecto promover o deporte feminino a través do apoio económico ás entidades deportivas de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais). Este apoio materializarase na contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. No caso de que se xustifique a subvención con gastos de comidas, a factura deberá concretar o menú, prezo por menú e prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitraxes de competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios e gastos do persoal técnico e adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo.
- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese gasto fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do Servizo de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará, nese caso, información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada. Os gastos de comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador), só serán subvencionables cando se xustifique a súa necesidade por desprazamento para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación e se concrete o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

A tempada 2023/2024 ou 2024 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total das subvencións e axudas percibidas de distintas entidades públicas e privadas non poderá superar o custo da actividade subvencionada.

Conforme ao artigo 34 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando se produza exceso das subvenciones percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actividade, e as ditas subvencións foran compatibles entre si, a beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos intereses de demora. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Cando sexa a Administración a que advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso, hasta o límite da subvención outorgada por ela.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo e coa Facenda pública estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.

f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11ª.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.

b) As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.

c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa da presentación extemporánea.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 6 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán toparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria nesta convocatoria non supera o importe de 1.500 euros, as solicitantes acreditarán que se topan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de forma simplificada mediante unha declaración responsable de acordo co disposto no artigo 24 do Real Decreto 887/2006. Esta declaración responsable está incluída no punto 5 do anexo IV da solicitude.

5.- Igualmente, as solicitantes deberán acreditar que se topan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativos de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e na convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.- Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude e da documentación presentada, baixo a persoal responsabilidade da/s persoa/s que as subscriba/n.

3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.
 - 5.- Responder legalmente do incumprimento das presentes bases.
 - 6.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades subvencionadas.
 - 7.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
 - 8.- Aboar as taxas, impostos, permisos, seguros e todos os demais gastos derivados da realización das actividades subvencionadas.
 - 9.- Facilitar a información necesaria relativa ao desenvolvemento da actividade que permita dar cumprimento aos requisitos de información de realización e de resultados previstos nestas bases. Deberán realizar as actuacións precisas para recoller a información necesaria sobre as mulleres e nenas deportistas participantes en cada acción e os resultados obtidos, que deberán incluír na Memoria final que se achegue na xustificación da subvención concedida.
 - 10.- Cumprir a normativa de protección de datos persoais, en concreto, o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa concordante.
- As entidades beneficiarias serán responsables de informar de maneira fidedigna ás destinatarias finais do tratamento que levarán a cabo sobre os seus datos, conforme ao especificado no artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, para o cal solicitarán o seu consentimento explícito. Así mesmo, as entidades beneficiarias serán responsables de custodiar a documentación que acredite o cumprimento destes deberes.
- 11.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado na base quinta, a Comisión avaliadora, para efectuar a proposta de resolución, valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

- 1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2023-2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.** Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bádminton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bádminton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos
- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 1.1 e 1.2, calcularase a puntuación que corresponda a cada modalidade e logo sumarase para acadar a puntuación total do apartado 1, co límite máximo de 16 puntos.

2.- Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas da entidade na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual. Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bádminton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

2.2 Puntuación segundo o porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bád-minton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 2.1 e 2.2, calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calculárase a puntuación para cada modalidade deportiva e despois sumarase para acadar a puntuación total do apartado 2, co límite máximo de 5 puntos.

A documentación que se terá en conta para facer o recuento de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o anexo II cuberto e asinado pola federación correspondente.

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

O crédito orzamentario da convocatoria dividirase entre a suma dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos.

Establécese a contía de 200 euros como contía mínima da subvención a conceder. As entidades que, pola súa puntuación, non acaden unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas.

Establécese a contía de 1.500 euros como contía máxima da subvención a conceder. Por conseguinte, as entidades que, pola súa puntuación, acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

No caso de quedar crédito libre, este repartirase entre as beneficiarias de forma proporcional aos puntos obtidos, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, da contía solicitada pola entidade.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida polas presentes bases, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Nesta convocatoria, cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada pola presidencia da entidade e reunir os requisitos esixidos nestas bases.

No anexo I da solicitude, a entidade indicará a modalidade deportiva para a que solicita a subvención. No caso de solicitar a axuda para varias modalidades deportivas, indicarse cada unha delas, non considerando como tales as distintas especialidades deportivas que estean vinculadas ou organizadas dentro da mesma modalidade deportiva.

A estes efectos, o órgano instrutor terá en conta o establecido no artigo 17 apartados 2 e 3 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que establecen, respectivamente, que se entende por “modalidade deportiva o conxunto de prácticas e regras que conforman unha forma peculiar de práctica deportiva con carácter autónomo e diferenciado de calquera outra”, e “por especialidade deportiva aquela práctica deportiva que, pese a non reunir os requisitos para ser considerada modalidade deportiva, ten singularidade na súa práctica, aínda que vinculada ou organizada dentro dunha modalidade deportiva tanto por razóns históricas da súa práctica como pola existencia dun elemento de práctica común a todas elas”.

Segundo a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, “excepto no ámbito dos deportes autóctonos da Comunidade Autónoma, no que se poderán agrupar diferentes modalidades deporti-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

vas nunha única federación, só se poderá recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva" (art. 51.5º). Polo tanto, a entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados (anexo II) das distintas federacións deportivas.

Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas que inclúan na súa solicitude de subvención.

A solicitude e a documentación complementaria correspondente presentaranse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos normalizados aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda (art. 68.4 LPAC).

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberán presentarse antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes. A Comisión avaliadora non valorará as solicitudes de subvención que sexan presentadas con carácter extemporáneo e propondrá a súa denegación ao órgano competente.

As entidades solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten e dos datos contidos nas súas solicitudes.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, a entidade será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Para a presentación da solicitude de subvención, deberá achegarse a seguinte documentación:

1.- ANEXO I SOLICITUDE, asinado pola presidencia da entidade.

A entidade indicará a modalidade deportiva para a que solicita a subvención. No caso de solicitar a axuda para varias modalidades deportivas, indicarse cada unha delas, non considerando como tales as distintas especialidades deportivas que estean vinculadas ou organizadas dentro da mesma modalidade deportiva.

2.- ANEXO II CERTIFICADO DA FEDERACIÓN, asinado pola secretaría e pola presidencia da federación.

A entidade deberá presentar un anexo II cuberto e asinado pola secretaría e pola presidencia da federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención. A entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados das distintas federacións deportivas.

Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas que se inclúan na solicitude de subvención.

3.- ANEXO III ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS para o período de referencia (tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual), asinado pola secretaría e pola presidencia da entidade solicitante.

O órgano encargado da verificación das xustificacións presentadas polas entidades deportivas beneficiarias terá en conta o importe da previsión de ingresos e gastos que se reflicta neste anexo, procedéndose a minorar a contía da subvención concedida cando se xustifique un gasto na tempada de referencia inferior ao 100% do orzamento indicado neste anexo. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.

4.- ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE, asinado pola secretaría e pola presidencia da entidade solicitante.

5.- ANEXO V CERTIFICADO DA COMPOSICIÓN DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA, emitido pola secretaría da entidade, coa conformidade de quen ostente a presidencia da entidade, onde conste a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.

6.- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.

7.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante expedido no ano 2024.

8.- DNI da/o presidenta/e da entidade.

9.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc.).

Segundo o establecido no art. 28.2 da LPAC, as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente, a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos u outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, os documentos que deban integrar o procedemento e que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da Administración convocante, debe facerse constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

O Servizo de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como que se complemente a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte o artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 68 da LPAC, se a solicitude achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación do requirimento, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistida da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións ao enderezo de correo electrónico e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade das bases reguladoras e da convocatoria

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS, que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, dará traslado ao BOPPO do extracto da convocatoria para a súa publicación, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

As bases reguladoras e a convocatoria, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na do Servizo de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

2.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.- Publicidade do financiamento público

As entidades beneficiarias das subvencións deben deixar constancia do financiamento municipal en todas as comunicacións e en calquera actividade enmarcada no programa subvencionado coa inclusión da imaxe corporativa oficial do Concello de Vigo (equipamento, web e redes sociais, publicidade, etc.).

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade encargárase da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima, a Comisión de avaliación avaliará as solicitudes de subvención presentadas. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas, funcionarias adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e das entidades presentadas a esta convocatoria.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión e denegación das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión e denegación destas subvencións. O prazo máximo para a instrución e notificación da resolución expresa deste procedemento será de tres meses, contados desde o último día do prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello. A resolución notificarase ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a notificación da resolución pola súa publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado resolución expresa, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias das axudas deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación ou renuncia á axuda no prazo máximo de 10 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola Administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

DÉCIMO QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

1.- Prazo de xustificación

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar con data límite o **30 de setembro de 2024** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de que xustificación fora defectuosa e/ou incompleta, concederase á entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda. Transcorrido o prazo sen atender ao requirimento, e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da

LPAC, procederáse á revogación da subvención concedida e, no seu caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos xuros de demora.

Se a entidade beneficiaria non presentase a xustificación da subvención concedida dentro do prazo establecido, actuarase segundo establece o artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme o cal "transcorrido o prazo establecido de xustificación sen terse presentado a mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá á beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan".

2.- Cantidade a xustificar

A entidade beneficiaria deberá presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel por un importe total que non poderá ser inferior á contía da subvención concedida. Ademais, deberá xustificar o custo total final da actividade subvencionada mediante unha das seguintes opcións:

- a) Certificación que acredite que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade e o seu custo total foi de... € (punto 2 do anexo VI solicitude de pagamento), ou
- b) Presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto, ou
- c) Presentación de copias de facturas polo gasto non subvencionado

Terase en conta como importe xustificativo a base impositiva das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de presentar a declaración do IVE ou que se declare no anexo VI, apartado 7, que o importe do IVE das facturas que se achegan para xustificar a subvención concedida é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

3.- Sistema de xustificación

A teor do disposto no art. 81 do Real Decreto 887/2006, establece o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan na Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) na xustificación das subvencións, resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

a) ANEXO VI SOLICITUDE DE PAGO, asinado pola secretaría e pola presidencia da entidade. Coa sinatura deste anexo acredítanse, entre outros, os seguintes extremos:

- Que a actividade que foi obxecto da subvención foi executada na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando se declare un custo total inferior ao 100% do orzamento que indicou a entidade no anexo III da súa solicitude de subvención, procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.
- Percepción doutras axudas ou subvencións para a actividade subvencionada.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan aplicáronse á actividade subvencionada co obxecto de promover o deporte feminino.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que esta foi ou será declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e coa Seguridade Social.
- Que a entidade está exenta ou non está exenta da obriga de presentar a declaración do IVE e, de ser o caso, que o importe do IVE das facturas que se presentan para xustificar a subvención concedida é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

b) ANEXO VII RELACIÓN DE FACTURAS E XUSTIFICANTES ORIXINAIS IMPUTABLES Á AXUDA CONCEDIDA - CONTA XUSTIFICATIVA, asinado pola tesourería e pola presidencia.

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar a subvención concedida, cuxo importe total non poderá ser inferior á contía da axuda, con identificación de cada unha das facturas relacionadas indicando número e data, nome e CIF/NIF do/a provedor/a, concepto, base impoñible e IVE.

c) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, que deben achegarse asinadas electronicamente pola/o representante legal da entidade.

As ditas facturas corresponderán a gastos que deben estar vinculados directamente coas actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas ou das deportistas individuais. Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a clasificación do anexo VII e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e, no seu caso, serie.
- Nome e apelidos ou razón social da persoa física ou xurídica que emite a factura.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF) da persoa física ou xurídica que emite a factura.
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.

- Denominación social, CIF e enderezo da clienta que, en todo caso, será a entidade beneficiaria da subvención.

Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a entidade beneficiaria xustifique que está exenta de presentar a declaración do IVE. As facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento da actividade subvencionada na tempada de referencia facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participou cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, os resultados obtidos, o ámbito e o nivel acadado nas competicións, material gráfico impreso..., valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, mencionando especialmente as actividades e logros realizados por mulleres e posibles necesidades detectadas).

e) No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para equipamento, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. Neste caso achegaranse fotografías do dito equipamento, sen menoscabo doutras comprobacións polo Servizo de Igualdade.

f) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Atendendo á especificidade da modalidade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas e outros conceptos análogos poderán xustificarse a través de documentos orixinais emitidos polas federacións ou pola propia entidade deportiva: certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento das deportistas e do persoal técnico, etc. Estes documentos deberán recoller adecuadamente os datos fiscais das partes, as achegas económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia do mesmo.

En relación coa xustificación do pago do uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos, sempre e cando este mesmo importe non fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do Servizo de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará información ao respecto ao Servizo de Deportes.

As facturas de gastos de comidas deberán corresponder ás deportistas femininas (inclúese o persoal técnico e adestrador), xustificarse por desprazamento para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación e concretar o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas coa Universidade, a xustificación poderá consistir na certificación da Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

En xeral, os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa á tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

Non terá que constar de forma expresa que eses gastos foron pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido nestas bases en atención á escasa contía das axudas que se conceden e á insuficiente capacidade económica da maior parte das entidades que concorren. Os artigos 31.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia permiten a excepción á regra xeral de considerar gasto realizado o que ten sido efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, sempre que se dispoña de forma expresa nas bases reguladoras das subvencións.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SEXTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo Servizo de Igualdade. A xefa do Servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO SÉTIMA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO OITAVA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa correctamente xustificada a subvención concedida.

Procederase ao pagamento parcial ou á redución proporcional do importe da axuda nos seguintes casos:

- Cando se xustifique un custo total da actividade subvencionada inferior ao 100 % do orzamento indicado pola entidade beneficiaria no anexo III da súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada proporcionalmente.
- Pola obtención de maiores ingresos ou financiamento do previsto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

Estas subvencións son compatibles con calquera tipo de axuda concedida por administracións ou entes públicos ou privados. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que o importe da subvención en ningún caso poderá

ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada (artigos 17.3 da Lei 9/2007 e 19.3 da Lei 38/2003).

A resolución-liquidación da axuda co pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar simplificadaamente por medio dunha declaración responsable ao abeiro do art. 31.7.e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (punto 5 do anexo VI).

DÉCIMO NOVENA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIONES

1.- Perda do dereito ao cobro

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e na convocatoria e, especialmente, as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención, o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención, a variación da finalidade da actuación, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia (art. 31.5 da citada Lei).

Cando o incumprimento consista nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito á subvención ou a súa redución proporcional.

Procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, o reintegro nos casos de exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancions

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade da resolución de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora desde o momento do aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

En canto ás infraccións e sancions en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIXÉSIMA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o procedemento subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta convocatoria rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica estatal en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; o Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e demais disposicións vixentes na materia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2024 e o Plan Estratégico de Subvencións do Concello de Vigo 2024-2026; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DO PROCEDUREMTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE

VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2023/2024 OU DO ANO 2024 NO CASO DAS MODALIDADES DEPORTIVAS CUXA TEMPADA SEXA ANUAL

O obxecto desta convocatoria é iniciar e establecer o procedemento para a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro da cidade de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais) coa finalidade de promover o deporte feminino a través do apoio económico do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo. Este apoio materializarase mediante a contribución ao financiamento dos gastos ocasionados polo funcionamento destes clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo, durante a tempada deportiva 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

A esta finalidade de promover o deporte feminino refírense o art. 29 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o art. 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e o art. 3.b) da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publícanse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poden consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións, que dará traslado do extracto da mesma ao BOPPO para a súa publicación, sen prexuízo da súa inserción no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Este importe dividirase entre a suma dos puntos acadados pola totalidade das solicitudes admitidas, obtendo desta forma o valor unitario do punto. A subvención para cada entidade calcularase multiplicando o valor unitario do punto polos puntos obtidos.

Establécense as contías de 200 euros e de 1.500 euros como contías mínima e máxima, respectivamente, da subvención a conceder a cada entidade beneficiaria. Por conseguinte, as entidades que, pola puntuación obtida na fase de valoración, non consigan unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas e as que acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

O obxecto destas subvencións é promover o deporte feminino a través da contribución ao financiamento dos gastos dos clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais), durante a tempada deportiva 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades cuxa tempada sexa anual.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. No caso de que se xustifique a subvención con gastos de comidas, a factura deberá concretar o menú, prezo por menú e prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitraxes de competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios e gastos do persoal técnico e adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo.
- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades cuxa tempada deportiva sexa anual.

Non se valorará como gasto subvencionable o uso das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo cando ese gasto fose tido en conta para xustificar a subvención concedida na convocatoria específica de subvencións do Servizo de Deportes deste Concello. O Servizo de Igualdade solicitará, nese caso, información ao respecto ao Servizo de Deportes.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada. Os gastos de comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador), só serán subvencionables cando se xustifique a súa necesidade por desprazamento para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación e se concrete o menú, o prezo por menú e o prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, estes excedan de 15.000 euros, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A tempada 2023/2024 ou 2024 estará definida para cada modalidade deportiva en función dos datos certificados polas respectivas federacións.

O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar ao Servizo de Deportes tanta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e entidades presentadas a esta convocatoria.

QUINTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro.
- c) Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo e coa Facenda pública estatal e autonómica, e coa Seguridade Social.
- d) Que cumpran os demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Que conten cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que conten, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.

- f) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11ª.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- a) As solicitudes presentadas por federacións deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa da presentación extemporánea.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes declarararán non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 (punto 6 do anexo IV da solicitude).

4.- As solicitantes deberán toparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social conforme ao establecido no artigo 22 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Dado que a contía máxima da axuda a conceder a cada beneficiaria nesta convocatoria non supera o importe de 1.500 euros, as solicitantes acreditarán que se topan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de forma simplificada mediante unha declaración responsable de acordo co disposto no artigo 24 do Real



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Decreto 887/2006. Esta declaración responsable está incluída no punto 5 do anexo IV da solicitude.

5.- Igualmente, as solicitantes deberán acreditar que se topan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que, ao presentar a solicitude de subvención, autorizan á Comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativos de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- PROCEDEMENTO DA CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións é o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E A RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO. PRAZO E MEDIOS PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

O Servizo de Igualdade encargárase da instrución do procedemento de concesión das subvencións e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima das bases reguladoras, a Comisión de avaliación avaliará as solicitudes de subvención presentadas. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas, funcionarias adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando unha delas, ademais, como secretaria.

O órgano instrutor do procedemento poderá solicitar ao Servizo de Deportes canta información e documentación teña ese Servizo sobre as entidades solicitantes, co obxecto de acadar un maior coñecemento e valoración dos proxectos e das entidades presentadas a esta convocatoria.

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión e denegación das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que, da información que ten no seu poder, se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas (artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión e denegación destas subvencións. O prazo máximo para a instrución e notificación da resolución expresa deste procedemento será de tres meses, contados desde o último día do prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello. A resolución notificarase ás solicitantes no prazo de 10 días a partir da súa data, de acordo co previsto nos artigos 21 e 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse ás interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a notificación da resolución pola súa publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de acordo co establecido no art. 45.1.b) da LPAC.

O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado resolución expresa, lexítima ás interesadas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de subvención, sen prexuízo do disposto no artigo 25.1 da LPAC.

O acordo da Xunta de Goberno Local de concesión e denegación das axudas esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da LPAC ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto.

En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación ou desde o seguinte a aquel no que se produza a desestimación por silencio administrativo, conforme establece o artigo 30.4 LPAC.

As entidades beneficiarias das axudas deben comunicarlle ao Servizo de Igualdade a aceptación ou renuncia á axuda no prazo máximo de 10 días, a contar desde o día seguinte ao da notificación. A falta de manifestación expresa, entenderase aceptada.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola Administración concedente declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

OITAVA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola presente convocatoria e as súas bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, ao que se accede pola sede electrónica do Concello, utilizando calquera dos medios de identificación e firma admitidos, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se tivese realizado a emenda, conforme ao artigo 68.4 LPAC.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles, que se contarán, nos termos do artigo 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Nesta convocatoria, cada entidade deportiva poderá presentar unha única solicitude, que deberá estar asinada pola presidencia da entidade e reunir os requisitos esixidos nesta convocatoria e nas bases reguladoras.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas mediante os modelos normalizados aprobados coas bases reguladoras, que estarán dispoñibles na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Para a presentación da solicitude de subvención, deberá achegarse a seguinte documentación:

1.- ANEXO I SOLICITUDE, asinado pola presidencia da entidade.

A entidade indicará a modalidade deportiva para a que solicita a subvención. No caso de solicitar a axuda para varias modalidades deportivas, indicárase cada unha delas, non considerando como tales as distintas especialidades deportivas que estean vinculadas ou organizadas dentro da mesma modalidade deportiva.

2.- ANEXO II CERTIFICADO DA FEDERACIÓN, asinado pola secretaría e pola presidencia da federación.

A entidade deberá presentar un anexo II cuberto e asinado pola secretaría e pola presidencia da federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención. A entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados das distintas federacións deportivas.

Con carácter excepcional, a Federación Galega de Deporte Autóctono e a Federación Galega de Deporte Adaptado poderán certificar varias modalidades deportivas. Nestes casos, a entidade deberá achegar un anexo II, cuberto e asinado pola Federación Galega de Deporte Autóctono ou pola Federación Galega de Deporte Adaptado segundo corresponda, por cada unha das modalidades deportivas que se inclúan na solicitude de subvención.

3.- ANEXO III ORZAMENTO EQUILIBRADO DE INGRESOS E GASTOS para o período de referencia (tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual), asinado pola secretaría e pola presidencia da entidade solicitante.

O órgano encargado da verificación das xustificacións presentadas polas entidades deportivas beneficiarias terá en conta o importe da previsión de ingresos e gastos que se reflicta neste anexo, procedéndose a minorar a contía da subvención concedida cando se xustifique un gasto na tempada de referencia inferior ao 100% do orzamento indicado neste anexo. A axuda concedida será minorada na mesma proporción.

4.- ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE, asinado pola secretaría e pola presidencia da entidade solicitante.

- 5.- ANEXO V CERTIFICADO DA COMPOSICIÓN DA ACTUAL XUNTA DIRECTIVA, emitido pola secretaría da entidade, coa conformidade de quen ostente a presidencia da entidade, onde conste a composición da actual xunta directiva desagregada por sexo.
- 6.- Código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- 7.- Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante expedido no ano 2024.
- 8.- DNI da/o presidenta/e da entidade.
- 9.- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino (competicións nas que participa cada un dos equipos da entidade con licenzas femininas ou, no seu caso, as deportistas individuais, número de equipos por categoría e sexo, logros acadados, valoración sobre o impacto de xénero na súa modalidade deportiva, etc.).

DÉCIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias do Servizo de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado na base quinta das bases reguladoras, a Comisión avaliadora, para efectuar a proposta de resolución, valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 26 puntos:

1.- Número de licenzas femininas na tempada deportiva 2023-2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual Ata un máximo de 16 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.1 e de 8 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 1.2:

1.1 Puntuación segundo o número de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bádmin-ton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Con menos de 35 licenzas femininas: 4 puntos
- b) Con 35 licenzas femininas e menos de 60: 6 puntos
- c) Con 60 licenzas femininas e menos de 85: 8 puntos
- d) Con 85 licenzas femininas e menos de 110: 10 puntos
- e) Con 110 licenzas femininas e menos de 135: 12 puntos
- f) Con 135 licenzas femininas e menos de 150: 14 puntos
- g) Con 150 licenzas ou máis: 16 puntos

1.2 Puntuación segundo o número de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bádmin-ton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Con menos de 70 licenzas femininas: 2 puntos
- b) Con 70 licenzas femininas e menos de 120: 3 puntos
- c) Con 120 licenzas femininas e menos de 170: 4 puntos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

- d) Con 170 licenzas femininas e menos de 220: 5 puntos
- e) Con 220 licenzas femininas e menos de 270: 6 puntos
- f) Con 270 licenzas femininas e menos de 320: 7 puntos
- g) Con 320 licenzas ou máis: 8 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas femininas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 1.1 e 1.2, calcularase a puntuación que corresponda a cada modalidade e logo sumarase para acadar a puntuación total do apartado 1, co límite máximo de 16 puntos.

2.- Porcentaxe de licenzas femininas con respecto ao total de licenzas da entidade na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual. Ata un máximo de 5 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.1 e de 3 puntos no caso das modalidades deportivas do apartado 2.2:

2.1 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas (excepto: actividades subacuáticas, bádminton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel):

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 2 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 3 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 4 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 5 puntos

2.2 Puntuación segundo a porcentaxe de licenzas femininas para actividades subacuáticas, bádminton, golf, hípica, judo, karate, montañismo, espeleoloxía, surf, taekwondo, tenis e pádel:

- a) Ata o 20% de licenzas femininas: 1 punto
- b) Máis do 20% de licenzas femininas ata o 40%: 1,5 puntos
- c) Máis do 40% de licenzas femininas ata o 60%: 2 puntos
- d) Máis do 60% de licenzas femininas ata o 80%: 2,5 puntos
- e) Máis do 80% de licenzas femininas: 3 puntos

Cando unha mesma entidade presente licenzas correspondentes a varias modalidades deportivas, sexan do mesmo ou de distintos apartados 2.1 e 2.2, calcularase a porcentaxe de licenzas femininas de cada modalidade deportiva con respecto ao total de licenzas da entidade. Calcularase a puntuación para cada modalidade e despois sumarase para acadar a puntuación total do apartado 2, co límite máximo de 5 puntos.

A documentación que se terá en conta para facer o reconto de licenzas, así como para clasificar as modalidades deportivas, será o anexo II cuberto e asinado pola federación correspondente.

3.- Porcentaxe de mulleres que integran a actual xunta directiva da entidade. Ata un máximo de 5 puntos:

- a) Se ningunha muller forma parte da actual xunta directiva da entidade: 0 puntos
- b) Menos do 20% de mulleres: 1 punto
- c) Do 20% de mulleres ata menos do 40%: 2 puntos
- d) Do 40% de mulleres ata menos do 60%: 3 puntos
- e) Do 60% de mulleres ata menos do 80%: 4 puntos
- f) Do 80% de mulleres en diante: 5 puntos

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

3.- Publicidade da convocatoria e das súas bases reguladoras

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, conforme establece o artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicaranse en:

- a) As bases reguladoras: no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- b) A convocatoria: na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)
- c) O extracto da convocatoria: a BDNS, que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, dará traslado ao BOPPO do extracto da convocatoria para a súa publicación, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación das solicitudes.

A convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na do Servizo de Igualdade (www.igualdadevigo.org).

4.- Publicidade das subvencións concedidas

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do Concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, entidades beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade das subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DO SERVIZO DE IGUALDADE A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE FEMININO NA TEMPADA 2023/2024 OU DO ANO 2024 NO CASO DAS MODALIDADES DEPORTIVAS CUXA TEMPADA SEXA ANUAL

PRIMEIRA.- BASES REGULADORAS

As bases reguladoras destas subvencións, tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, publícanse no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO). Tamén poden consultarse no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL MÁXIMA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións é de 45.000 euros (corenta e cinco mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente do Servizo de Igualdade.

Establécense as contías de 200 euros e de 1.500 euros como contías mínima e máxima, respectivamente, da subvención a conceder a cada entidade beneficiaria. Por conseguinte, as entidades que, pola puntuación obtida na fase de valoración, non consigan unha axuda igual ou superior a 200 euros quedarán excluídas e as que acaden unha axuda superior a 1.500 euros quedarán limitadas a esta contía.

TERCEIRA.- OBXECTO DAS SUBVENCIÓNS

O obxecto destas subvencións é promover o deporte feminino a través da contribución ao financiamento dos gastos dos clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas e entidades deportivas do municipio de Vigo que fomenten a participación e promoción das nenas e mulleres nas distintas modalidades deportivas (equipos e/ou individuais), durante a tempada deportiva 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Pagamento das licenzas federativas femininas.
- Viaxes, aloxamentos e comidas das deportistas femininas ou dos equipos femininos (inclúese o persoal técnico e adestrador) nos desprazamentos necesarios para as actividades deportivas de competición e/ou clasificación. No caso de que se xustifique a subvención con gastos de comidas, a factura deberá concretar o menú, prezo por menú e prezo total, estando excluídas, en todo caso, as bebidas alcohólicas de calquera tipo.
- Inscricións en competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Arbitrxes de competicións e probas das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Salarios e gastos do persoal técnico e adestrador das deportistas femininas ou dos equipos femininos.
- Equipamento das deportistas femininas sempre que este equipamento incorpore o logo do Concello de Vigo.
- Compra de material deportivo necesario para o adestramento ou competición das deportistas femininas ou dos equipos femininos.

- Alugueiro de instalacións deportivas para a actividade deportiva das deportistas femininas ou dos equipos femininos, gastos telefónicos, de internet e mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital.

En xeral, serán subvencionables todos os gastos ocasionados polo funcionamento da entidade deportiva que garden relación directa coa actividade deportiva das deportistas femininas ao longo da tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

Quedan excluídos como gastos subvencionables os seguintes: a adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo, espectáculos, adquisición de patrimonio e/ou investimento e calquera outro gasto que non sexa necesario para a realización da actividade subvencionada.

QUINTA.- BENEFICIARIAS

Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, teñan personalidade xurídica propia e carezan de ánimo de lucro, conten cun mínimo de 10 licenzas femininas ou 1 licenza feminina de deporte adaptado na tempada 2023-2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual e cumpran os demais requisitos que establecen a convocatoria e as súas bases reguladoras.

SEXTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SÉTIMA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes é de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar a solicitude e a documentación esixida pola convocatoria e as súas bases reguladoras, a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo.

10(399).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A AGRUPACIÓN CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DA FESTA DA CULTURA 2024. EXPTE. 5549/330.

Visto o informe xurídico do 07/05/2024 e o informe de fiscalización do 24/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/04/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 26 de abril de 2024, a “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da “Festa da Cultura 2024”; por este motivo, con data 29 de abril, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 20.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.

A Festa da Cultura 2024 terá lugar os días 19 e 20 de xullo do 2024 na Porta do Sol.

Tamén haberá programación teatral en diferentes centros culturais da cidade ao longo dos meses de setembro e outubro nos días 14,15,21,22,28,29 de setembro e 5 e 6 de outubro.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 36.000 € (trinta e seis euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 20.000 €
- Achega da Agrupación de Centros Culturais: 16.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio con data de entrada na sede electrónica do Concello o 30 de abril do 2024 (doc. 240129404)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo para a organización da Festa da Cultura 2024, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” ten como obxecto financiar a organización da Festa da Cultura 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.11** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

A subvención do Concello de Vigo á “Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

***PRIMEIRO.-** “Aprobar a concesión directa da subvención de 20.000 € (vinte mil euros) á Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, CIF. G-36791291, para o financiamento da Festa da Cultura 2024; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.11 “AGRUPACIÓN CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS. FESTA DA CULTURA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

***SEGUNDO.-** Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da Festa da Cultura 2024.”*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “FESTA DA CULTURA 2024”

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 e 28 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023 delegación de competencias específicas do 3 de xullo do 2023

Doutra, D. Eduardo Alonso Román, DNI 36.063.388-D, como vicepresidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais (CIF G-36.791.291) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social en rúa Ecuador, nº 34 local baixo, CP 36203, da cidade de Vigo, e actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan o poder especial para “a sinatura de convenios e subvencións coas distintas Administracións” outorgado por D. Marcos Castro González, presidente da entidade, ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Luis Francisco Royo Martel, o día 8 de abril do 2024 ao número 835 do seu protocolo.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais representar perante os organismos competentes, persoas físicas ou xurídicas, tanto do eido da cultura, o deporte e como de todas aquelas actividades de carácter lúdico ou recreativo, os intereses das entidades asociadas, que puidesen verse beneficiada ou, polo contrario prexudicadas no desenvolvemento das súas actividades, motivo polo que organizan dende hai varios anos a **FESTA DA CULTURA** na cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO**”, como medio que é de promover as actividades lúdicas na cidade.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.11, como subvención nominativa, a favor da **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS, FESTA DA CULTURA** a cantidade de 20.000 euros.

IV.- Que a **AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIIS DE VIGO** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a Festa da Cultura 2024, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 36.000 € (trinta e seis euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 20.000 €
- Achega da Agrupación de Centros Culturais: 16.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

A Festa da Cultura 2023 terá lugar os días 19 e 20 de xullo na Porta do Sol.

Tamén haberá programación teatral en diferentes centros culturais da cidade ao longo dos meses de setembro e outubro nos días 14,15,21,22,28,29 de setembro e 5 e 6 de outubro.

Os grupos que amenizarán a festa con representacións musicais e de baile son os seguintes:

1. Grupo Folclórico "Asubío"
2. Grupo Folclórico "Andarela"
3. Centro Cultural "Helios de Bembrive"
4. Centro Cultural "Cotogrande de Cabral"
5. Grupo Folclórico "Lembranzas Galegas"
6. Grupo Folclórico "Queixumes"

7. Grupo Danza do Mundo "Monteira"
8. Grupo Folclórico "Os Ventos de Comesaña"
9. Centro Cultural "Rueiro de Coia"
10. Centro Cultural de "Coruxo"
11. Centro Cultural de "Valladares"
12. Grupo Folclórico "Corisco"
13. Grupo Folclórico "O Fiadeiro"
14. Grupo Folclórico "Traspes"
15. Grupo de Gaitas "Vagalume"
16. Centro Cultural de "Beade"
17. Grupo Folclórico "Froles Novas"
18. Grupo de Gaitas da SC Pardavila
19. Grupo Folclórico "Airiños do Coto"
20. Centro Cultural "Atlantida de Matama"
21. Grupo Folclórico "Alalá"
22. Asociación Cultural "Tarambainas"
23. Asociación Cultural "Sons das Ferriñas"
24. Asociación Cultural "Freixo"
25. Asociación Cultural "Santa Mariña de Cabral"
26. Asociación Cultural "Sárdoma"
27. Asociación Cultural "Setecuncas"
28. Concertos de noite
29. Concertos de noite

Grupos de teatro afeccionado que pertencen á entidade e que forman parte do programa:

1. Grupo de Teatro "Atlántida de Matamá"
2. Grupo de Teatro "Porta Aberta"
3. Grupo de Teatro "Escoitade" de Valladares
4. Grupo de Teatro "Tarantela" de Beade
5. Grupo de Teatro Rueiro
6. Grupo de Teatro "Helios" de Bembrive
7. Grupo de Teatro "Agarimo"
8. Grupo de Teatro "Sárdoma"
9. Grupo de Teatro "La Casa del Teatro"

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Eduardo Alonso Román, vicepresidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e **solicitar e acadar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos espazos públicos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas e instalación de elementos.**
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (20.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na

que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abranxa a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
 - Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
 - Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2024 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará conxuntamente aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO DA ACTIVIDADE 2024

Orzamento Festa Cultura 2024. Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo

Escenario	7.000,00 €
Toma eléctrica	1.000,00 €
Vigilancia nocturna	500,00 €
Publicidad	1.300,00 €
Carpas	500,00 €
Seguridade	1.300,00 €
Catering grupos	1.850,00 €
Cartelería	2.000,00 €
Cachés grupos teatro	4.500,00 €
Valado e sinalización	500,00 €
Reportaxe fotográfico	1.200,00 €
Agasallos grupos participantes	500,00 €
Presentación	850,00 €
Actuacións grupos	8.000,00 €
Equipo de traballo	3.000,00 €
Aluguer traxes e mantemento	2.000,00 €
TOTAL:	36.000,00 €
Importe para el que se solicita subvención	20.000,00 €
Importe asumido pola Agrupación de Centros	16.000,00 €

11(400).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DE DECEMBRO DO 2023 A ABRIL DO 2024 CON CARGO AO ORZAMENTO 2024. EXPTE. 5558/330.

Visto o informe xurídico de data 09/05/2024 e o informe de fiscalización do 23/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/05/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Con data da sede electrónica municipal 3 de maio do 2024, a Orquesta Clásica de Vigo presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do programa de concertos con cargo ao orzamento 2024; por este motivo, con data 7 de maio do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 30.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e cinco anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos. Ademais sempre foi unha importante plataforma para a promoción da música e dos artistas locais.

PROGRAMACIÓN DA TEMPORADA

A programación constará de cinco concertos iniciándose a temporada en decembro de 2023 co concerto de nadal e rematando en abril do 2024 conforme ao programa que se achega a este expediente de subvención.

Concerto 1: Concerto Extraordinario de Nadal 2023

28 de decembro de 2023 ás 20:30

Teatro Afundación de Vigo

Concerto 2: Prólogo a Soutullo

26 de xaneiro de 2024 ás 19:00

Auditorio do Concello de Vigo

Concerto 3: Soutullo

15 de febreiro ás 20:30h

Auditorio do Teatro Afundación de Vigo

Concerto 4: Bach

Sábado 16 de marzo ás 20:30h

Auditorio do Teatro Afundación de Vigo

Concerto 5: Mozart

20 de abril ás 20:30

Teatro Afundación de Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 47.323 € (corenta e sete mil trescentos vintetrés euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 30.000 €
- Ingresos por taquilla: 17.323 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2024, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ Orquesta Clásica de Vigo”, para o financiamento do programa de concertos con cargo ao orzamento 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Orquesta Clásica de Vigo” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos con cargo ao orzamento 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.04** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 30.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Orquesta Clásica de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 30.000 € (trinta mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo, CIF. G36688422, para o financiamento do programa de concertos con cargo ao orzamento 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 “ ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO. PROGRAMA DE CONCERTOS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

1. E de responsabilidade da Entidade :
 1. A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,

2. A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 3. Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
2. Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Barcia González, presidente da entidade
 3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
 4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
 5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (30.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitude de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro de 2024
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados dende o 15 de novembro do 2023 ata o 10 de novembro do 2024 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2024, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(401).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DAS AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO” NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2023 E O 31 DE OUTUBRO DE 2024. Expte. 5519/330.

Visto o informe xurídico de data 09/05/2024 e o informe de fiscalización do 22/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/04/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 17 de abril pasado, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en réxime de concorrencia competitiva.

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024, ambos inclusive. O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de conformidade coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011. Neste sentido, no citado regulamento indícase:

“Artigo 3.- Serán tarefas, entre outras, do Auditorio-Pazo de Congressos:

** Facilita-la organización de espectáculos de teatro, danza, música, cine e/ou calquera outra manifestación cultural ou artística en calquera das súas modalidades.*

** A difusión, promoción e divulgación de calquera das súas modalidades.*

** A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como a incentivar a afección polas actividades culturais, tamén entendidas como alternativa de ocio nos sectores máis xoves da poboación.*

** A promoción de celebración de congresos, convencións, exposicións, etc.*

** As prestacións de servizos dirixidos á organización de ditas actividades.*

“Artigo 14.- Poderán solicita-lo uso do Auditorio-Pazo de Congresos todas aquelas entidades sociais e culturais, públicas ou privadas, grupos políticos e Institucións que desexen desenvolver nelas actividades apropiadas ao seu uso e ás súas instalacións”.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e a tal se redactaron por esta xefatura a convocatoria, as bases reguladoras e o extracto que se achegan a este expediente.

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”: de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS)

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congresos “Mar de Vigo”, de titularidade municipal, dotando dunha serie de actividades socioculturais que afonden na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos. Favorecer a promoción da cultura dende as actividades en equipamentos culturais, achegándoa aos cidadáns e potenciando e consolidando as industrias culturais.

As especiais características do Auditorio “Mar de Vigo” implican que a convocatoria teña como fin a promoción de espectáculos e actividades que non son susceptibles nalgúns casos de realizarse noutras instalacións do termo municipal, e posibilitar de paso o acceso maioritario dos cidadáns á cultura nas súas diferentes vertentes e modalidades, especialmente ás artes escénicas e musicais.

Os destinatarios, presentación de solicitudes, prazos, publicación, procedemento de concesión, criterios de valoración, obrigas, pagamentos e xustificación, seguimento e control atópanse nas bases reguladoras, no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno, resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións. A tales efectos, as administracións concedentes deberán remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos términos establecidos no artigo 20 da antedita lei.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Os beneficiarios deberán dar publicidade das subvencións e axudas nos termos e condicións establecidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. No caso de que se faga uso da previsión contida no artigo 5.4 da citada Lei, a Base de Datos Nacional de Subvencións servirá de medio electrónico para o cumprimento das obrigacións de publicidade. Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións o actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) os beneficiarios están obrigados a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

No relativo ao procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, coa fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de avaliación estipulados nas bases reguladoras da presente convocatoria.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada actividade a subvencionar será do 50% do importe de gastos presentado. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, as entidades beneficiarias terán que achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>.

Só se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade a la finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

A teor do disposto no artigo. 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e

para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da convocatoria, bases e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007.

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Que se aprobe a convocatoria, bases reguladoras, anexos e extracto de subvencións que se achegan no expediente, para o financiamento de actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo", no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

Segundo.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe máximo de 500.000 (CINCOCENTOS MIL) euros con cargo á aplicación 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVIEMBRE DE 2023 E O 31 DE OUTUBRO DE 2024.

Base 1ª.- OBXECTO

1.- O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo": de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS)

2.- O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao amparo desta convocatoria será dende o 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024, ambos inclusive.

3.- O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de conformidade coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011. Neste sentido, no citado regulamento indícase:

“Artigo 3.- Serán tarefas, entre outras, do Auditorio-Pazo de Congressos:

** Facilita-la organización de espectáculos de teatro, danza, música, cine e/ou calquera outra manifestación cultural ou artística en calquera das súas modalidades.*

** A difusión, promoción e divulgación de calquera das súas modalidades.*

** A procura de fórmulas que contribúan á formación de novos públicos, así como a incentivar a afección polas actividades culturais, tamén entendidas como alternativa de ocio nos sectores máis xoves da poboación.*

** A promoción de celebración de congresos, convencións, exposicións, etc.*

** As prestacións de servizos dirixidos á organización de ditas actividades.*

“Artigo 14.- Poderán solicita-lo uso do Auditorio-Pazo de Congressos todas aquelas entidades sociais e culturais, públicas ou privadas, grupos políticos e Institucións que desexen desenvolver nelas actividades apropiadas ao seu uso e ás súas instalacións”.

Base 2ª.- FINALIDADE

O obxectivo xeral da convocatoria é apoiar e potenciar a oferta sociocultural da cidade nun espazo singular como é o Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de titularidade municipal, dotando dunha serie de actividades socioculturais que afonden na diversidade das programacións, no acceso aos discursos artísticos plurais e na creación de novos públicos.

Base 3ª.- REQUISITOS DAS E DOS SOLICITANTES.

1.- Poderán solicitar subvención ao abeiro da presente convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Que, conforme aos seus estatutos, escrituras de constitución ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.

2.- Que a entidade solicitante exerza de promotora/organizadora directa da actividade proposta.

3.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos.

4.- Que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social. O Concello de Vigo realizará a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, agás que no modelo oficial de solicitude se marque a non autorización para elo; neste caso será preciso achegar os pertinentes certificados que acrediten que están ao corrente, nos

termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

5.- Que cumpran coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

6.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

2.- Non poderán acollerse á presente convocatoria as persoas físicas nin as entidades sen ánimo de lucro.

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

Base 4ª.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

1.- O importe total máximo destinado á presente convocatoria ascende a 500.000 € (cincocentos mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 3331.470.00.02 do orzamento municipal vixente. A convocatoria non obriga ao Concello de Vigo ao gasto íntegro do importe máximo indicado.

2.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 50 % do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente solicitude de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Base 5ª.- CONCEPTOS SUBVENCIONABLES.

1.- Serán obxecto de subvención os gastos efectuados que respondan directa e sen dúbida á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e sexan realizados dentro do prazo establecido para a execución desta. Con carácter enunciativo e non taxativo, indícanse a modo de exemplo os seguintes:

* Pagamentos de cachés, honorarios e/ou nóminas de artistas.

* Gastos de viaxes, aloxamentos, axudas de custo, produción técnica e escenográfica.

* Pagamentos derivados polo cumprimento do R.D.L. 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual, como pagamentos de dereitos de autor a entidades de xestión pola actividade subvencionada..

* Contratación de servizos técnicos e profesionais.

* Alugueiro de materiais e/ou equipos técnicos.

* Gastos de promoción, difusión e publicación en diferentes soportes (anuncios en medios, edición de materiais impresos, publicacións dixitais, páxinas web ou aplicacións móbiles...).

* Gastos derivados do alugueiro e utilización dos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo" pola actividade subvencionada.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

2.- En todo caso quedan expresamente excluídos os seguintes conceptos:

- Os custos indirectos imputables á actividade.
- Os custos de funcionamento ordinario da entidade beneficiaria.
- Os custos de atencións protocolarias e representativas.
- Os gastos en investimentos e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.
- Os xuros, recargas e sancións administrativas e penais, así como os gastos de procedementos xudiciais.
- Os impostos, as taxas e o IVE.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades relativas a campañas de carácter partidista.
- Os gastos derivados da programación e/ou organización de actividades que non sexan susceptibles de goce público.
- Os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións non apropiadas (linguaxe sexista, imaxe da muller como reclamo, connotacións de tipo sexual, maltrato animal ou en contra do medio natural/ambiente...).
- En xeral, os gastos derivados da programación e organización de actividades que inclúan accións que supoñan a vulneración do ordenamento xurídico vixente.

3.- En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Base 6ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- A subvención concedida ao abeiro desta convocatoria é compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A entidade solicitante deberá indicar na solicitude as posibles axudas económicas coas que conta para a actividade proposta.

2.- En todo caso, o importe total da subvención ou subvencións percibidas en ningún caso poderá superar o custo total da actividade subvencionada (art.17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Base 7ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Forma de presentación: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas e asinadas electronicamente, mediante o modelo oficial de solicitude e demais Anexos aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na paxina web municipal (www.vigo.org); e son os seguintes:

Anexo I: declaración responsable

Anexo II: memoria actividade

Anexo III: memoria económica

Todas as solicitudes deberán achegarse antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2. Varias actividades: Poderá solicitarse subvención para unha ou varias actividades que cumpran os requisitos establecidos nestas bases. Debe presentarse solicitude e anexos para cada unha delas; se ben soamente cunha destas solicitudes terá que achegarse a documentación indicada na base 8ª.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e Servizo da Área de Cultura, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015.

Base 8ª.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE.

1.- Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

a.- CIF da entidade e NIF do/a seu representante legal.

b.- Acreditación da capacidade legal da persoa representante da entidade.

c.- Escritura de constitución e/ou dos estatutos sociais debidamente inscritos no rexistro público correspondente, ou acreditación de estar legalmente constituídas.

d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles/as solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

2.- No suposto de que o/a solicitante achegase anteriormente esta documentación, ou parte dela, ante calquera Administración pública, poderá acollerse ao establecido no artigo 28.3 da LPAC, sempre que se faga constar o momento e o órgano ou dependencia no que foi presentado.

3.- De acordo co establecido neste mesmo precepto da LPACAP, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirille á/ ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Base 9ª. - CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: ata 15 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custo da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: ata 25 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo I) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	De 8 a 12 anos	De 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, segundo o indicado pola entidade no anexo II, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	De 11 a 15 euros	De 16 a 20 euros	De 21 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

A contía da subvención virá determinada polo produto do total dos puntos obtidos pola actividade proposta e o valor do punto. Este valor obterase mediante o cociente entre o importe destinado á presente convocatoria e o número total de puntos obtidos polos posibles beneficiarios.

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Base 10ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES.

Unha vez presentadas as solicitudes, desestimaranse directamente, aquelas que se encadren nalgún dos seguintes supostos:

- a).- Aquelas que, para a mesma finalidade, foron solicitadas noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b).- Aquelas que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- c).- Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
- d).- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- e).- Aquelas que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- f).- Aquelas que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- g).- Aquelas que non presenten unha actividade específica.
- h).- Aquelas entidades que conforme cos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.
- i).- Aquelas que non sexan presentadas por medios electrónicos a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

Base 11ª.- PROCEDIMIENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA

- 1.- Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.
- 2.- O Servizo da Área de Cultura revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase á solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao servizo de cultura, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

4.- A preavaliación das solicitudes nos termos da Base 10ª así como a avaliación das solicitudes de subvención respecto de cada actividade, conforme aos criterios sinalados na Base 9ª, realizarase pola Comisión de Valoración; órgano colexiado constituído ao efecto e que estará formado polas seguintes persoas ou persoa en quen deleguen:

*** Presidente: concelleiro-delegado de Cultura**

*** Vogais:**

- Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural
- **Xefe do servizo de Museos Municipais**

* Secretaria: a Letrada-Xefa de Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal, con voz e sen voto.

5.- As solicitudes avaliaranse de conformidade á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes; deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6.- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o Xefe do servizo formulará proposta de resolución provisional, que será notificada aos interesados para os que se propoña unha subvención de importe superior a 30.000 €; requiríndoos para que no prazo de 10 días acrediten, nos termos do art.13.3.bis da LXS, o cumprimento dos prazos de pagamento que se establecen na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

7.- Con posterioridade o Xefe de servizo formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, núm. de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle

outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de nove meses contados a partir da publicación da convocatoria.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; renuncia que será aceptada de plano pola administración outorgante, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8.- A resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9.- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

10.- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén

podrá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

11.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración outorgante, declarando conclusivo o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, por proposta do órgano instrutor.

Base 12ª.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas especificamente nos artigos 11 da LSG e 14 da LXS e as demais previstas na restante normativa aplicable.

As entidades beneficiarias deberán:

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades subvencionadas.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención, incluído no seu caso todos os custos derivados da utilización das instalacións do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”.

d) A lingua empregada nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. En todo caso, actuaráse conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

e) Comprometerse á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento subvencionado. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

f) Cumprir coas obrigas fiscais, así como coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

g) Comunicarlle á Concellería-delegada de Cultura as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación correspondente, ou ben para reducir o importe da subvención concedida ou solicitar o reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

h) A concesión da subvención á entidade implica a aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación co desenvolvemento do evento.

l) Dar cumprimento ao Plan de autoprotección do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, de acordo coas medidas de actuación en caso de emerxencia, así como ao cumprimento do establecido na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais.

m) Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Base 13ª.- PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Forma de presentación da documentación xustificativa: En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Xa que logo, para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula a presente convocatoria e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación nela admitido, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da lei xeral de subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación (para a xustificación) das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser realizados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). Para tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), e esixiráselle a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

2.- Prazo de xustificación: a data límite para presentar a documentación xustificativa será o 11 de novembro de 2024.

3.- Documentación para incluír na conta xustificativa:

- a) Solicitude de pagamento da subvención.
- b) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos.
- c) Memoria económica que contará co balance detallado da totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; Datos que han ser acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- d) Achegarase copia da folia de billeteira que reflicta a totalidade de billetes vendidos.
- e) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- f) As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1619/2012, do 30 de novembro, pola que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas computarase o gasto acreditado coa dedución do IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, de seren persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- g) Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- h) Nestas facturas computarase o gasto acreditado, coa dedución do IVE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

i) Só se considerará gasto realizado o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, ademais das facturas terá que acreditarse documentalmente a realización do pagamento dos gastos. (art. 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 29.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia)

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade indicada na solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do/da beneficiario/a. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Base 14ª .- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo da Área de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 15ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.- Revogación: Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o seu outorgamento. A variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.

b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.

2.- Nulidade: En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro estarase ao disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.- Reintegro: Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

4.- Infraccións e sancións: En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as e os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de

xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Base 16ª.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O persoal técnico do Servizo da Área de Cultura será o encargado do seguimento da execución da subvención. Tamén de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

Base 17ª.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

1.- A Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do establecido no artigo 18.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Para tales efectos, deberá remitirse á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre as convocatorias e as resolucións de concesión recaídas nos termos establecidos no artigo 20 da antedita lei.

2.- De acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, as bases, a convocatoria e a resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

3.- Os e as beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos.

Base 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Base 19ª.- SOMETEMENTO Á PRESENTE CONVOCATORIA.

A presentación de solicitudes farase de acordo co establecido nas presentes bases. A participación suporá a aceptación íntegra dos seus requisitos.

As incidencias non consideradas expresamente na convocatoria serán resoltas polo órgano instrutor.

Base 20ª.- DISPOSICIÓN FINAL.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2023 E O 31 DE OUTUBRO DE 2024.

En virtude do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno; resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado polo que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e ao amparo do recollido nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural do Concello de Vigo redactou a convocatoria, bases reguladoras e o extracto para a convocatoria de subvencións para

actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en réxime de concorrència competitiva seguinte:

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrència competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”: de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Segunda.- PARTIDA ECONÓMICA E CRÉDITOS

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio.

Terceira.- PROCEDIMENTO

O procedemento de concesión de subvencións tramitárase en réxime de concorrència competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta.- PUBLICACIÓN, PRAZO E LUGAR DE SOLICITUDES

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPPO do seu extracto, sen prexuízo da súa publicación na prensa local, e no taboleiro de anuncios municipal.

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da LPAC establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Quinta.- SOLICITANTES

Poderán solicitar subvención ao abeiro desta convocatoria as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos da convocatoria.

Sexta.- LUGAR ONDE OBTEN AS BASES REGULADORAS E FORMULARIOS.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñible no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), Servizo de información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org) e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte ao da publicación no BOPPO, en cumprimento do establecido nos artigos 13.d) e 16 da Lei 39/2015, e de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Sétima.- ÁMBITO TEMPORAL E DE APLICACIÓN DAS ACTIVIDADES E GASTOS A SUBVENCIONAR

O período establecido para a execución das actividades socioculturais financiadas ao abeiro da presente convocatoria será dende o 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024, ambos inclusive.

O ámbito de aplicación da presente convocatoria serán as actividades socioculturais realizadas nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", de conformidade coas normas de funcionamento e uso aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011.

Oitava- CRITERIOS DE VALORACIÓN

A contía da subvención, en ningún caso, poderá superar o importe solicitado e/ou o 50% do importe do custo total de gastos presentado para a execución da actividade proposta. Así mesmo, no caso de que un mesmo solicitante presente varias solicitudes de subvención para distintas actividades, o importe máximo total a subvencionar será de 200.000 €. En caso de superar este importe total, procederase a aplicar a redución proporcional que corresponda para cada actividade subvencionada.

Criterio 1: Viabilidade económica e financeira da actividade proposta: até 15 puntos.

Puntuación valorada en base á porcentaxe económica solicitada con respecto ao custo da actividade proposta segundo consta no orzamento achegado na memoria económica (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Viabilidade económica e financeira Importe solicitado respecto ao orzamento total				
De 0 a 10%	De 11 a 20%	De 21 a 30%	De 31 a 40%	De 41 a 50%
15 puntos	12 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Criterio 2: Traxectoria da entidade solicitante: até 25 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos á antigüidade sinalados pola entidade na declaración responsábel (anexo I) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Traxectoria e antigüidade da entidade			
De 0 a 8 anos	De 8 a 12 anos	De 12 a 15 anos	Máis de 15 anos
10 puntos	15 puntos	20 puntos	25 puntos

Criterio 3: Volume de gastos da actividade proposta: até 40 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe total de gastos sinalados pola entidade na memoria económica achegada (anexo III) e segundo a seguinte táboa de puntuación:

Volume de gastos da actividade proposta				
De 1 a 9.000 euros	De 9.001 a 15.000 euros	De 15.001 a 20.000 euros	De 20.001 a 30.000 euros	Máis de 30.000 euros
10 puntos	15 puntos	25 puntos	30 puntos	40 puntos

Criterio 4: Prezo da entrada: até 20 puntos.

Puntuación valorada con base nos datos relativos ao importe do prezo de venda de entradas para as actividades, según o indicado pola entidade no anexo II, e segundo a seguinte táboa de puntuación (de haber máis dun prezo, collerase como referencia o de menor importe):

Prezo da entrada				
De 0 a 10 euros	De 11 a 15 euros	De 16 a 20 euros	De 21 a 25 euros	Máis de 25 euros
20 puntos	15 puntos	10 puntos	7 puntos	5 puntos

Os datos para obter as puntuacións nas táboas dos catro criterios son datos obxectivos, facilitados polas propias entidades solicitantes nos anexos das presentes bases.

EXTRACTO PARA SUBVENCIÓNS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS "MAR DE VIGO", NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2023 E O 31 DE OUTUBRO DE 2024.

TÍTULO.

Extracto do acordo de data XX de XXXX de 2024 da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo polo que se aproba a convocatoria, bases reguladoras e extracto para subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos "Mar de Vigo", no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024, ambos inclusive, en réxime de concorrencia competitiva.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (en diante, BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), e que deberá conter, como mínimo a seguinte información:

Primeira.- BENEFICIARIOS/AS

Poderán solicitar subvención, ao abeiro desta convocatoria, as empresas, persoas xurídicas ou sociedades mercantís legalmente constituídas que reúnan os requisitos recollidos na



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

convocatoria e bases reguladoras de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”, no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024, ambos inclusive.

Segunda.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, de axudas económicas destinadas á programación e organización de actividades socioculturais nos espazos do Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo”: de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LXG), na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións LXS), así como no R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 (RLXS), as bases de execución do orzamento municipal vixente e as restantes normas de dereito administrativo e privado aplicables. A presente convocatoria está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo para o período 2024-2026, aprobado na Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2024 (en cumprimento do artigo 8.1. da LXS).

Terceira.- BASES REGULADORAS

As presentes bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (en diante, BOPPO). Estarán a disposición das e dos interesados no taboleiro de edictos electrónico no Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/taboleiro/index.jsp?exp=1&lang=gal>), no Servizo de Información do Concello de Vigo, páxina web municipal (www.vigo.org), e Servizo da Área de Cultura, dende o día seguinte da publicación no BOPPO.

Cuarta.- CONTÍA

A contía da presente convocatoria ascende a un importe máximo de 500.000 euros, con cargo á partida 3331.470.0002 do orzamento municipal vixente para o presente exercicio. O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, segundo o establecido no artigo 22.1. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e artigo 19, puntos 1 e 2, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para a presentación de solicitudes é de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO, e que será comunicado desde a BDNS que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do artigo 30 da LPAC.

Sexta.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14. 2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, da LPAC, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través de sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar na ligazón <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cubertas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web municipal (www.vigo.org).

13(402).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN”. EXPTE. 1913/441.

Visto o informe xurídico do 15/05/2024 e o informe de fiscalización do 20/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/05/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 01.04.2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN” a favor da mercantil INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L..

II.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

III.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 20.02.2024, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 21.02.2024, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01.03.2024 aprobou o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (555.159,11 EUROS), de data maio de 2022. (Expte 5615-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 23.02.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5615-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, de data maio de 2022.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de data 08.03.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 08.03.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12.03.2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 18.03.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 02.04.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 02.04.2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 08.05.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 20.02.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DA AVENIDA DE CITROËN**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 08.05.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CINCOCENTOS CINCUENTA E CINCO MIL CENTO CINCUENTA E NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (555.159,11 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 96.349,93 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	555.159,11 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(403).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS”: PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1520/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2024, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 20.05.2023 acordou:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **Melloras no abastecemento e saneamento da parroquia de Teis**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, MARÍA FERREIRO NUÑEZ, cun orzamento de execución material de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS con TRINTA E TRES CÉNTIMOS (1.224.672,33 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de UN MILLÓN CATROCENTOS CINCUENTA E SETE MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS con SETE CÉNTIMOS (**1.457.360,07 EUROS**). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 26/04/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **Melloras no abastecemento e saneamento da parroquia de Teis** por un importe de 63.392,39 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L	24.493,45 €
Asistencia técnica á D.O.	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L	24.493,45 €
Coordinación de seguridade e saúde	Pablo Coello Pardo (ELETREINTAYUNO S.L.).	6.123,36 €
Control y Seguimiento Arqueológico	ZETA ARQUEOLOXÍA	2.000,00 €
	SUMA	57.110,26 €
	11% Gastos de Xestión	6.282,13 €
	TOTAL (IVE excluído)	63.392,39 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado e D^a Juan Sánchez González.

IV.- Con data 21 de maio de 2024 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.520/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 1.224.672,33 €
- Presuposto de contrata: 1.457.360,07 € (IVA excluído).

- Prazo de execución: 6 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista:
 - *Grupo A, subgrupo 2, categoría 4.*
 - *Grupo E, subgrupo 0, categoría 4.*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *INGENIA*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Pablo Coello (ELE 31)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

II.- Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

III.- Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

IV.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS**”. cos datos requeridos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obra do plan de Inversións de Aqualia, segundo o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.520/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 1.224.672,33 €
- Presuposto de contrata: 1.457.360,07 € (IVA excluído).
- Prazo de execución: 6 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista:
 - Grupo A, subgrupo 2, categoría 4.
 - Grupo E, subgrupo 0, categoría 4.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: *INGENIA*
- Coordinación de Seguridade e Saúde: Pablo Coello (ELE 31)

SEGUNDO- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(404).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2026: LIÑA ESTRATÉXICA 5.8 EVENTOS DE PROMOCIÓN DA CIDADE. EXPTE. 277/143.

Visto o informe xurídico do 24/05/2024 e o informe de fiscalización do 27/05/2024, dáse conta do informe-proposta do 24/05/2024, asinado pola ténica en actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada, o tesoureiro municipal e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

ANTECEDENTES

1. A resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceu o número, denominación e competencias das áreas de goberno e concellería delegadas nas que se estrutura a administración municipal. Así mesmo mediante resolución do Alcaldía de data 30 de xuño de 2023 se delegan na Área de Goberno de Política Social e Turismo, en materia de Turismo, entre outras a competencias relativas as Festas de interese turístico: A Brincadeira, Festival Pirotécnico de Bouzas, que con anterioridade estaban atribuída ao Servizo de Festas.

2. O Plan estratéxico de subvencións 2024-2026 aprobouse pola XGL en sesión do 08/03/2024. Durante a súa tramitación non se incluíron as dúas anteditas subvencións, ao non formularen esta proposta nin o Servizo de Festas nin o de Turismo.

3. No capítulo 4 do orzamentos de gastos 2024 non figuraba a partida asignada ás citadas subvencións nas aplicacións do Servizo de Turismo, senón que, como informou o Servizo de Festas o 03.04.2024 (a petición deste Servizo de Turismo), o crédito dispoñible para a subvención nominativa da Festa da Brincadeira e a subvención nominativa do Festival Pirotécnico de Bouzas consta na partidas do Servizo de Festas, sendo as seguintes:

Partida	Importe	Concepto
3380.480000415.000,00 €		BRINCADEIRA DE BOUZAS
3380.4890011 50.00,00 €		CONVENIO COM. FESTAS DE BOUZAS

MOTIVACIÓN

1. Unha vez residencia na Concellería e Servizo de Turismo a competencia para “Festas de interese turístico: A Brincadeira, Festival Pirotécnico de Bouzas” por Resolución do 30 de xuño de 2023. Procede que por Turismo se valore a modificación do Plan estratéxico de subvencións, incluíndo a tramitación subvención nominativa da festa da Brincadeira e a subvención nominativa do Festival Pirotécnico de Bouzas

2. Neste caso o orzamento 2024 contempla as dúas subvencións nominativas.

3. Desde o punto de vista técnico, considérase que persiste o interese público no fomento e promoción das dúas novas accións que se considera que se deben incluír nas liñas estratéxicas de subvencións responsabilidade do Servizo de Turismo, por canto, tanto no caso da Festa de Bouzas o seu interese viuse recoñecido coa declaración de festa de interese turístico desde o ano 2004, a cal constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional , como no caso da Brincadeira, na vila de Bouzas, festa popular de grande arraigo na cidade que persegue dar a coñecer a historia da cidade, fomentar a participación da cidadanía e a dinamización cultural e socioeconómica da Vila de Bouzas. Polo que manter estas liñas de subvención enténdese dentro dos obxectivos de promoción das festas de interese turístico e a dinamización de festas populares.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

4. En consecuencia, procede axustar as fichas do Anexo: "Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo (2024-2026)" do Servizo de Turismo e incluír estas dúas novas accións de fomento xunto coas tres que figuran no Anexo "Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo (2024-2026)" no Servizo de Turismo, que pasarán a ser cinco.

Polo tanto, propónse a seguinte modificación:

a) Redacción actual do Plan Estratéxico de Subvencións de Turismo contidas no Anexo ao Plan (2024-2026), que reflectía o seguinte contido e accións de fomento:

Contido reflectido no artigo 12 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. O Plan Estratéxico da comprimento á Lei Orgánica 3/2007, de 27 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.	
ÁREA DE:	SERVIZO DE TURISMO
Liñas estratéxicas: 5. FOMENTO DA PROTECCIÓN DO ENTORNO E DA CIDADE	(5.8) EVENTOS QUE PROMOCIONEN A CIDADE
Acción:	<ul style="list-style-type: none">- SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICA- SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERESE TURÍSTICA.- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO ARTICULADO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN
1º.- Obxectivos estratéxicos:	<ul style="list-style-type: none">- Reposicionar a cidade turisticamente onde prime a desestacionalización da afluencia turística para conseguir un turismo constante ao longo do ano.-- Promover e facilitar a atracción de eventos e congresos.- Mellorar o posicionamento do Turismo Mice-Fomento ao Vigo Film Office-Colaboración na promoción turística de Vigo-Presentación de candidaturas
2º.- Sectores ou colectivos ao que vai dirixido:	- Persoas físicas e xurídicas, asociacións e agrupacións deportivas e as entidades legalmente constituídas e desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade

	- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB)		
3º.- Obxectivos e efectos que se pretenden:	<p>- Contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo.</p> <p>- Establecer un plan estratéxico e un conxunto de accións destinadas a apoiar e reforzar fas liñas estratéxicas do Turismo Mice, a Vigo Film Office e a promoción turística da cidade.</p>		
4º.- Ámbito temporal:	Anual		
5º.- Custes previsibles e fontes de financiamento:	PLURIANUAL		
	- EVENTOS E CONGRESOS	Ano 2024 Ano 2025 Ano 2026	90.000€ 90.000€ 90.000€
	- EVENTOS DEPORTIVOS	Ano 2024 Ano 2025 Ano 2026	90.000€ 90.000€ 90.000€
	-ACTIVIDADE PROMOCIONAL (FVCB)	Ano 2024 Ano 2025 Ano 2026	275.000 € € 275.000 € € 275.000 €
6º.- Plan de acción, Liñas básicas das Bases Reguladoras:	<p><u>Obxecto:</u></p> <p>- Contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo</p> <p>- Contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos deportivos, desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo.</p> <p>- Contribuir a destacionalización da oferta turística e xerar un impacto económico significativo na cidade de Vigo.</p> <p>- promover, facilitar e atraer eventos de negocios, congresos, convencións e feiras á cidade de Vigo, buscando estimular o crecemento económico local, xerar emprego, fortalecer o sector turístico, promocionar as instalacións e servizos do destino, e posicionar a cidade no ámbito nacional e internacional como un lugar idóneo para a celebración de reunións profesionais.</p> <p><u>Obxectivos:</u></p> <p>- A promoción turística con destino a cidade de Vigo</p>		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

	<p><u>Suxeitos obxectivo:</u></p> <ul style="list-style-type: none">- Persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas, asociacións e agrupacións deportivas.- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU <p><u>Criterios de valoración:</u></p> <p>1.-VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.</p> <p>As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:</p> <p>1.1.- <u>Capacidade de comercialización do proxecto turístico.</u></p> <p>Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.</p> <ul style="list-style-type: none">• De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.• De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 10 puntos. <p>Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.</p> <p>1.2.- <u>Accións de promoción.</u></p> <p>Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.</p> <ul style="list-style-type: none">• Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...). Valorarase ata máximo 10 puntos.<ul style="list-style-type: none">-Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.-Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 10 puntos.Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.• Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...). Valorarase ata un máximo de 5 puntos.<ul style="list-style-type: none">-Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.-Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.• Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...). Valorarase con ata 10 puntos.<ul style="list-style-type: none">-Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
--	---

	<p>-Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 10 puntos. Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.</p> <p><u>1.3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.</u> Valorarase con ata 10 puntos. -Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos -Autonómico, valorarase con ata 5 puntos. -Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos. -Internacional, valorarase con ata 10 puntos.</p> <p><u>1.4.- Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico.</u> Valorarase con ata 10 puntos. -Entre 2 e 10 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos. -Entre 11 e 15 anos, valorarase con ata un máximo de 10 puntos.</p> <p>Cando supere os 15 anos valorarase con 10 puntos. O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 2 anos para as subvencións a eventos e congresos. Será unha antigüidade de 5 anos para as subvencións para a organización de eventos deportivos.</p> <p>Criterios de exclusión:</p> <p>Puntuación mínima para ser valorada: - A valoración final do proxecto de promoción turística deberá alcanzar un mínimo de 25 puntos ou quedará excluído do procedemento de concesión das subvencións.</p> <p><u>Contía máxima subvencionada:</u></p> <p>Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos ou congresos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ente 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada. • Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada. • Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada. • <p>Prazo para aprobar a convocatoria: Prazo para aprobar a convocatoria:</p>
7º.- Réxime de seguimento e control:	<p><u>Memoria explicativa das accións e obxectivos alcanzados:</u></p> <p>Os obxectivos xerais desta subvención responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións</p>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

	<p>prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:</p> <ul style="list-style-type: none">b) Contribuir á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.c) Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.d) Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.e) Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.f) A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.g) Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadidoh) Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo. <p><u>Memoria económica de custes e ingresos:</u></p> <p><u>Indicadores, como mínimo os seguintes:</u> Número de solicitudes: Número de concesións: Número de denegacións: <u>Crédito concedido:</u> 90.000€ (ACTIVIDADES DEPORTIVAS) - 90.000€ (EVENTOS E CONGRESOS) – 275.000€ (FVCB)</p> <p><u>Contía media:</u> <u>% de financiamento do Concello:</u> 100% <u>Nº de beneficiados pola acción:</u> Nº indeterminado de persoas que asistan aos eventos. <u>% de beneficiados en relación co obxectivo:</u> 100%</p>
8º.- Modalidade de concesión:	Concurrencia competitiva Nominativa
9º.- Beneficiarios:	Persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas. - FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU
10º.- Prevese nas Bases a efectiva consecución da igualdade	Si: Linguaxe non discriminatorio: Exclusión de proxectos que segreguen: Valoración positiva dos proxectos que fomenten a igualdade: Outros: Non

11º.- Aplicación/s orzamentaria/s:	Nominativa	Aplicación:	Importe	Ano:
	- Eventos e Congresos	4320.470.0000	90.000€ 90.000€ 90.000€	2024 2025 2026
	- Eventos deportivos	4320.480.0001	90.000€ 90.000€ 90.000€	2024 2025 2026
	- FVCB	4320.480.0000	275.000€ 275.000€ 275.000€	2024 2025 2026

b) Nova proposta do Plan Estratéxico de Turismo (2024-2026):

<p>Contido reflectido no artigo 12 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións. O Plan Estratéxico da cumprimento á Lei Orgánica 3/2007, de 27 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes.</p>	
ÁREA DE:	SERVIZO DE TURISMO
Liñas estratéxicas:5. FOMENTO DA PROTECCIÓN DO ENTORNO E DA CIDADE	(5.8) EVENTOS QUE PROMOCIONEN A CIDADE
Acción:	<ul style="list-style-type: none"> - SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICA - SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERESE TURÍSTICA. - TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO ARTICULADO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN - SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOC. AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS P/A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA . - SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA CONFRARÍA DO SANTISIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA O FINANZAMENTO DO "FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS
1º.- Obxectivos estratéxicos:	<ul style="list-style-type: none"> - Reposicionar a cidade turisticamente onde prime a desestacionalización da afluencia turística para conseguir un turismo constante ao longo do ano. - Promover e facilitar a atracción de eventos e congresos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar o posicionamento do Turismo Mice -Fomento ao Vigo Film Office -Colaboración na promoción turística de Vigo -Presentación de candidaturas. -Promover as festas de Interese Turístico -Dinamizar as festas populares 																					
<p>2º.- Sectores ou colectivos ao que vai dirixido:</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Persoas físicas e xurídicas, asociacións e agrupacións deportivas e as entidades legais e legais que se desenvolvan o seu evento ou congreso, con ánimo de lucro, na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade - FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB) - ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS. - COFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS 																					
<p>3º.- Obxectivos e efectos que se pretenden:</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo. - Establecer un plan estratéxico e un conxunto de accións destinadas a apoiar e reforzar fas liñas estratéxicas do Turismo Mice, a Vigo Film Office e a promoción turística da cidade. - Dinamizar cultural e socioeconomicamente a Vila de Bouzas, dar a coñecer a historia da cidade e fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica - Dinamización do Festival poético – piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas, declarado festa de interese turístico de Galicia. 																					
<p>4º.- Ámbito temporal:</p>	<p>Anual</p>																					
<p>5º.- Custes previsibles e fontes de financiamento:</p>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <tr> <td colspan="3" style="text-align: left;">PLURIANUAL</td> </tr> <tr> <td style="width: 60%;">- EVENTOS E CONGRESOS</td> <td style="width: 15%;">Ano 2024</td> <td style="width: 25%; text-align: right;">90.000€</td> </tr> <tr> <td></td> <td>Ano 2025</td> <td style="text-align: right;">90.000€</td> </tr> <tr> <td></td> <td>Ano 2026</td> <td style="text-align: right;">90.000€</td> </tr> <tr> <td>- EVENTOS DEPORTIVOS</td> <td>Ano 2026</td> <td style="text-align: right;">90.000€</td> </tr> <tr> <td></td> <td>Ano 2024</td> <td style="text-align: right;">90.000€</td> </tr> <tr> <td>-ACTIVIDADE</td> <td>Ano 2024</td> <td style="text-align: right;">275.000€</td> </tr> </table>	PLURIANUAL			- EVENTOS E CONGRESOS	Ano 2024	90.000€		Ano 2025	90.000€		Ano 2026	90.000€	- EVENTOS DEPORTIVOS	Ano 2026	90.000€		Ano 2024	90.000€	-ACTIVIDADE	Ano 2024	275.000€
PLURIANUAL																						
- EVENTOS E CONGRESOS	Ano 2024	90.000€																				
	Ano 2025	90.000€																				
	Ano 2026	90.000€																				
- EVENTOS DEPORTIVOS	Ano 2026	90.000€																				
	Ano 2024	90.000€																				
-ACTIVIDADE	Ano 2024	275.000€																				

	<p>PROMOCIONAL (FVCB)</p> <p>-SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA</p> <p>-SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANZAMENTO DO "FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS</p>	<p>Ano 2025</p> <p>Ano 2026</p> <p>Ano 2024</p> <p>Ano 2025</p> <p>Ano 2026</p> <p>Ano 2024</p> <p>Ano 2025</p> <p>Ano 2026</p> <p>Ano 2024</p> <p>Ano 2025</p> <p>Ano 2026</p>	<p>275.000€</p> <p>275.000€</p> <p>15.000€</p> <p>15.000€</p> <p>15.000€</p> <p>50.000€</p> <p>50.000€</p> <p>50.000€</p>
<p>6º.- Plan de acción, Liñas básicas das Bases Reguladoras:</p>	<p>Obxecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo - Contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos deportivos, desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo. - Contribuir a destacionalización da oferta turística e xerar un impacto económico significativo na cidade de Vigo. -Promover, facilitar e atraer eventos de negocios, congresos, convencións e feiras á cidade de Vigo, buscando estimular o crecemento económico local, xerar emprego, fortalecer o sector turístico, promocionar as instalacións e servizos do destino, e posicionar a cidade no ámbito nacional e internacional como un lugar idóneo para a celebración de reunións profesionais. - Promover a organización da Festa da Brincadeira -Contribuir á organización do Festival Poetico Piro-musical da Vila de Bouzas declarada como Festa de Interese Turístico 		



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

	<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none">- A promoción turística con destino á cidade de Vigo <p>Suxeitos obxectivo:</p> <ul style="list-style-type: none">- Persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas, asociacións e agrupacións deportivas. <p>- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU</p> <p>Criterios de valoración:</p> <p>1.-VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO OU CONGRESO.</p> <p>As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:</p> <p>1.1- Capacidade de comercialización do proxecto turístico. Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.</p> <ul style="list-style-type: none">•De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.•De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 9 puntos. <p>Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.</p> <p>1.2.- Accións de promoción.</p> <p>Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.</p> <ul style="list-style-type: none">• <u>Promoción online. (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...).</u> Valorarase ata máximo 10 puntos. <ul style="list-style-type: none">-Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos-Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 9 puntos <p>Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10</p> <ul style="list-style-type: none">•<u>Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twiter, etc...).</u> Valorarase ata un máximo de 5 puntos. <ul style="list-style-type: none">-Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.-Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 4 puntos. <p>Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.</p> <ul style="list-style-type: none">•<u>Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).</u> Valorarase con ata 10 puntos. <ul style="list-style-type: none">-Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos-Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 9 puntos <p>Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos</p> <p>1.3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.</p>
--	--

	<p>Valorarase con ata 10 puntos. -Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos -Autonómico, valorarase con ata 5 puntos. -Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos. -Internacional, valorarase con ata 10 puntos.</p> <p>1.4.- Antigüidade do evento ou congreso de interese turístico. Valorarase con ata 10 puntos. -Entre 2 e 10 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos. -Entre 11 e 15 anos, valorarase con ata un máximo de 9 puntos. -Cando supere os 15 anos valorarase con 10 puntos.</p> <p>O evento ou congreso debe ter unha antigüidade mínima de 2 anos para as subvencións a eventos e congresos. Será unha antigüidade de 5 anos para as subvencións para a organización de eventos deportivos.</p> <p>Criterios de exclusión: Puntuación mínima para ser valorada: - A valoración final do proxecto de promoción turística deberá alcanzar un mínimo de 25 puntos ou quedará excluído do procedemento de concesión das subvencións. Contía máxima subvencionada: Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos ou congresos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes: •Entre 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada. •Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada. •Entre 46 e 55 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.</p> <p>Prazo para aprobar a convocatoria: Prazo para aprobar a convocatoria:</p>
<p>7º.- Réxime de seguimento e control:</p>	<p><u>Memoria explicativa das accións e obxectivos alcanzados:</u></p> <p>Os obxectivos xerais desta subvención responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contribuir á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano. - Optimización dos recursos dinamización do turismo. - Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico. - Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

	<p>- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.</p> <p>- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido</p> <p>- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.</p> <p>- Dar a coñecer os valores culturais da Vila de Bouzas a través da Brincadeira e o Festival poético piro-musical</p> <p><u>Memoria económica de custes e ingresos:</u></p> <p>Indicadores, como mínimo os seguintes: Número de solicitudes: Número de concesións: Número de denegacións: Crédito concedido: 90.000€ (ACTIVIDADES DEPORTIVAS) - 90.000€ (EVENTOS E CONGRESOS) – 275.000€ (FVCB)</p> <p><u>Contía media:</u> <u>% de financiamento do Concello:</u> 100% <u>Nº de beneficiados pola acción:</u> Nº indeterminado de persoas que asistan aos eventos. <u>% de beneficiados en relación co obxectivo:</u> 100%</p> <p>- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA: 15.000€</p> <p>-SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANZAMENTO DO "FESTIVAL POÉTICO PIRO-MUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS: 50.000€</p>			
8º.- Modalidade de concesión:	Concurrencia competitiva Nominativa			
9º.- Beneficiarios:	<p>-Persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas.</p> <p>- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU</p> <p>- ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS</p> <p>- COFRARÍA DO SANTISIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS</p>			
10º.- Prevese nas Bases a efectiva consecución da igualdade	Si: Linguaxe non discriminatorio: Exclusión de proxectos que segreguen: Valoración positiva dos proxectos que fomenten a igualdade: Outros:		Non	
11º.- Aplicación/s orzamentaria/s:	Nominativa	Aplicación:	Importe	Ano:

	- Eventos e Congresos	4320.470.0000	90.000€ 90.000€ 90.000€	2024 2025 2026
	-Eventos deportivos	4320.480.0001	90.000€ 90.000€ 90.000€	2024 2025 2026
	- FVCB	4320.480.0000	275.000€ 275.000€ 275.000€	2024 2025 2026
	-ORGANIZAC FESTA BRINCADEIRA	3380-4800004	15.000€ 15.000€ 15.000€	2024 2025 2026
	-ORGANIZAC FESTIVAL POETICO PIRO- MUSICAL DE BOUZAS	3380-4890011	50.000€ 50.000€ 50.000€	2024 2025 2026

5. Marco normativo

O plan estratéxico de subvencións regúlase no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro de subvencións (en adiante LXS), que ten o carácter de precepto básico, e os artigos 10 a 15, de carácter non básico, do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante RXS).

6. Competencia

O órgano competente para resolver é a **Xunta de Goberno Local**, en aplicación do artigo 127.1.g) e m) da LBRL.

Á vista do exposto, previo informe xurídico e de intervención favorable, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro. Aprobar a modificación do Plan estratéxico de subvencións do Servizo de Turismo, Anexo:Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo (2024-2026), correspondente á “Área: Servizo de Turismo” na liña estratéxica 5 (Fomento da Protección do Entorno da Cidade) apartado 8 (Eventos que promocionen a cidade):

a) A acción “Subvención nominativa a favor da asoci. amigos de la historia de bouzas p/a organización da Festa da Brincadeira .



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

b) A acción “Subvención nominativa para o financiamento do “Festival poético piro-musical cidade de Vigo-Vila de Bouzas”

Segundo. Aprobar a redacción consolidada do PES relativas ao servizo de Turismo contidas no Anexo ao Plan Estratéxico de subvencións (2024-2026), que figura no apartado 4.b) da motivación deste acordo.

Terceiro. Publicar este acordo no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP), no portal de Transparencia do Concello de Vigo e en calquera outro medio no que fose publicado o Plan estratéxico de subvencións, que se modifica.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- 16.- Autorización municipal para a “execución de obras de demolición de edificacións destinadas a vestiarios e a almacén na cidade deportiva de a madroa e construción de novo edificio de vestiarios e edificación anexa destinada a ximnasio e instalacións na cidade deportiva de a Madroa”. Expte. 1972/441.
- 17.- Aprobación do “Proxecto de remodelación da avenida de Madrid. A-55 PP.KK. 0+000 a 2+370. T.M. de Vigo. Expte. 3506/443.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(405).- AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A “EXECUCIÓN DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN DESTINADAS A VESTIARIOS E A ALMACÉN NA CIDADE DEPORTIVA DE A MADROA E CONSTRUCIÓN DE NOVO EDIFICIO

DE VESTIARIOS E EDIFICACIÓN ANEXA DESTINADA A XIMNASIO E INSTALACIÓNS NA CIDADE DEPORTIVA DE A MADROA”. Expte. 1972/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/05/2024, asinando polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO E CUESTIÓNS DE DEREITO

1º. O Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio que foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009, na que se fixou o prazo de vixencia do convenio para a utilización das ditas instalacións ata o ano 2034.

O título para a utilización dos campos da Madroa por parte da entidade deportiva é o devandito convenio de colaboración, no texto refundido, asinado en 1992, e a novación modificativa de 2009.

Este convenio define o alcance da posesión polo Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a utilización dos mesmos,

O Real Club Celta de Vigo (no scesivo RCCV) asume no convenio (cláusula 5ª) como principais obrigas as de mantemento e conservación ordinaria das instalacións da Madroa (barandillas, portas, vestuarios, servizos públicos, pintura, etc.) incluso o terreo de xogo — permanecendo baixo a responsabilidade do Concello de Vigo a execución das obras de grande mantemento que afecten á estrutura do estadio (voladizos, cubertas, gradas etc.)— así como a de satisfacer os gastos de enerxía eléctrica, auga e calesquera outros servizos que sean consecuencia da utilización do campo polo Real Club Celta de Vigo.

O convenio, na mesma cláusula, establece que o RCCV poderá efectuar, durante a vixencia do convenio, obras e melloras que amplíen as actuais do estadio de Balaídos e dos campos de xogo de Barreiro e A Madroa, as cales revertirán ao concello fr Vigo, como titular das ditas infraestruturas deportivas.

2º. Con data 22 de maio de 2024 o Real club Celta de Vigo, S.A.D. solicitou autorización municipal para a execución de obras de “demolição de edificación destinadas a vestiarios e a almacén na cidade deportiva de A Madroa” e “construcción de novo edificio de vestiarios e edificación anexa destinada a ximnasio e instalacións na cidade deportiva de A Madroa” e presentou proxecto básico de obras a tal fin.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

3º. Respecto do dito proxecto básico de obras, constan informes:

— Do servizo de Patrimonio, de data 13.05.2024, no que se indica que: «*Se informa que, consultado o planeamento municipal vixente, as obras de proxectadas atópanse FÓRA de áreas de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica, polo que, dende o ámbito do patrimonio histórico, pode continuarse coa tramitación do expediente de referencia*».

— Do servizo de Deportes, de 14.05.2024, no seguinte senso: «*1- Foi revisado o proxecto de demolición de edificacións destinadas a vestiarios e almacén e o proxecto de construción dun novo edificio de vestiarios e edificación anexa destinada a ximnasio e instalacións.*

2- A proposta remitida polo R.C. Celta de Vigo propón unha actualización e modernización da infraestrutura existente que ven a mellorar a instalación municipal, mantendo con carácter xeral os usos da mesma.

Atendendo ó que vai dito, semella que as actuacións previstas poden considerarse axeitadas atendendo a criterios deportivos xa que veñen a mellorar, actualizar e modernizar as instalacións existentes, o que se traslada ós efectos oportunos».

— Da arquitecta municipal/ Xefa da Área Técnica da Xerencia Municipal de urbanismo, de data 27 de maio de 2022, nos termos que seguen: «*A parcela na que se pretende a actuación emprazase, de conformidade co Plan Xeral de Ordenación Urbana PXOU93, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 29/04/1993, actualmente vixente, en solo urbano do núcleo urbano existente 05.01.DEVESA, ordenanza 3.2 de Zonas Deportivas. Corresponde ás zonas destinadas a albergar edificios e instalacións deportivas ou de espectáculos asimilables, así como os usos complementarios da actividade principal. O uso predominante será o deportivo.*

As instalacións proxectadas cumpren a normativa urbanística de aplicación, e xustifícase o cumprimento das esixencias de seguridade en caso de incendio do "Código Técnico da Edificación" (CTE) aplicando as determinacións do documento básico DB-SI e as esixencias de seguridade de utilización do CTE aplicando as determinacións do documento básico DB-SUA. - Antes do inicio das obras de edificación deberá presentar o correspondente proxecto de execución e o Estudo de Seguridade e Saúde RD 1627/1997, redactado por técnico competente e visado polo correspondente Colexio Profesional, así como o oficio de dirección da execución das obras».

— Da exeñeira de camiños, canais e portos da oficina de supervisión de proxectos e inspección técnica municipal, de 28 de maio de 2022, no que informa que: «*A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei*».

4º.- Ao tratase dunha obra nun ben municipal, que utiliza o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. a virtude do convenio arriba referido e nos termos que se reflicten neste, lle é de aplicación, aínda que a obra a solicite e a execute o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., o artigo 147.2 da Lei do solo de Galicia, de acordo co cal «As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor».

Antes do inicio das obras de edificación deberá presentar o correspondente proxecto de execución e o Estudio de Seguridade e Saúde RD 1627/1997, redactado por técnico competente e visado polo correspondente Colexio Profesional, así como o oficio de dirección da execución das obras.”

Unha vez finalizadas deberá achegarse certificado final de obra asinado polo arquitecto redactor.

Polo exposto, acreditadas no expediente as esixencias do artigo 147.2 LSG, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obras de «EXECUCIÓN DE OBRAS DE DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS DESTINADAS A VESTIARIOS E A ALMACÉN NA CIDADE DEPORTIVA DE A MADROA E CONSTRUCCIÓN DE NOVO EDIFICIO DE VESTIARIOS E EDIFICACIÓN ANEXA DESTINADA A XIMNASIO E INSTALACIÓNS NA CIDADE DEPORTIVA DE A MADROA», redactados polo arquitecto Ramón Varela Barreras de datas 20 e 21 de maio de 2024 e autorizar ao Real Club Celta de Vigo, S.A.D. para a execución do mesmo, coa advertencia de que as obras que se executen pasarán inmediatamente a ser propiedade do concello de Vigo.

Segundo.- Designar ao Xefe da Área de Servizos Xerais e á Enxeñeira Industrial da Área de Servizos Xerais como facultativos municipais aos efectos do seguimento municipal das obras de referencia.

Terceiro.- Notifíquese esta resolución á interesada con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

17(406).- APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. Expte. 3506/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/05/2024, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 03.06.2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento para o deseño, execución e o financiamento de obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370), sendo posteriormente formalizado por ambas administracións. En virtude do convenio, por parte do Ministerio de Fomento procedeuse á redacción e tramitación do proxecto de execución das referidas obras.

II.- En base as obrigas do convenio, con data 29.05.2019 o Ministerio de Fomento remite copia do proxecto de trazado da “REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)”, presentado pola empresa INECO e redactado polos enxeñeiros D. Pablo Domínguez Gómez e D. Jonás Casquero Cecilio, cun orzamento base de licitación mais IVE de 13.400.494,90 euros, para conformidade ou observacións por parte do Concello de Vigo.

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos informa que o documento técnico presentado recolle proposta de deseño tendo en conta os diferentes condicionantes que afectan ao ámbito de actuación e modulado segundo a incidencia destes sobre os usuarios, considerando que cumpre os obxectivos no entorno, sen entrar a corroborar solucións técnicas específicas, cálculos dimensionais, nin cumprimento de normativa vixente, validados polo técnico asinante do proxecto construtivo; polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 16.10.2019 resolveu iniciar expediente para a súa aprobación.

III.- Con data 27.09.2019 subscribiuse unha addenda pola que se modifica o convenio co obxecto de adaptar o importe total do mesmo ao maior alcance das actuacións previstas inicialmente, modificar a repartición das obrigacións, pasando o Concello de Vigo a licitar e executar as obras, así como a contratación dos contratos de servizos de asistencia técnica asociados á obra e, por último, reprogramar as anualidades para adaptar a execución das actuacións ao ritmo real das mesmas.

IV.- En data 16.12.2019 remítese dende a Demarcación de Estradas do Estado resolución de aprobación provisional do proxecto de trazado da “REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)” emitida pola Subdirección Xeral de Conservación en data 29.11.2019, así como unha copia do proxecto de referencia a fin de que se examine e informe no prazo de un mes sobre o trazado o actuación proposta. A Xunta de

Goberno Local, en sesión de data 30.01.2020, acordou manifestar a conformidade do Concello de Vigo ao referido proxecto e trasladar dita conformidade á Demarcación de Estradas do Estado para o seu coñecemento aos efectos oportunos, o que tivo lugar por oficio de data 03.02.2020.

V.- Con data 15.12.2022, tendo en conta, dunha parte, que a vixencia do convenio finalizaba o 31.12.2022, sen que fora posible prorrogar o mesmo máis alá de xuño de 2024, tempo insuficiente para a licitación e execución da actuación, e, doutra, a aparición de novas necesidades como o incremento dos custos dos materiais que supón un incremento do custo da obra e do importe total da actuación, a Comisión Paritaria de Seguimento do convenio propuxo a liquidación do convenio e a tramitación dun novo convenio que permita a continuación da execución das devanditas obras.

VI.- Esgotada a vixencia do convenio inicial sen proceder a súa execución, a Xunta de Goberno Local, en data 30.06.2023, acordou aprobar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana dun convenio para o deseño, execución e financiamento das obras de adecuación e mellora da Avenida de Madrid (Autovía A-55 entre os PP.KK. 0+000 e 2+370). Dito convenio foi formalizado en data 13.07.2023 por ambas administracións.

VII.- En data 7 de maio de 2024 a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia remite ao Concello de Vigo o proxecto de construción "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA" con sinatura dixital de data 07.05.2024 e con un orzamento de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €), aprobado provisionalmente pola Administración do Estado, tras o trámite de información pública, solicitando informe municipal en relación a dita actuación. O proxecto construtivo figura incorporado ao expediente con data 09.05.2024 e foi informado favorablemente pola Comisión Paritaria de Seguimento do convenio referido no antecedente anterior en sesión de 26.04.2024.

VIII.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10.05.2024, acordou manifestar a conformidade do Concello de Vigo ao referido proxecto de construción e trasladar dita conformidade á Demarcación de Estradas do Estado para o seu coñecemento aos efectos oportunos, o que tivo lugar por oficio de data 13.05.2024.

IX.- En data 24.05.2024 remítese dende a Demarcación de Estradas do Estado resolución de aprobación definitiva do proxecto de construción "REMODELACIÓN DA AVDA. MADRID (AUTOVÍA A-55 ENTRE OS PP.KK. 0+000 E 2+370)" emitida pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Transportes e Mobilidade sostible na mesma data.

X.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución da Dirección de Augas de Galicia de data 23.04.2024, autorizando as obras para traballos de remodelación da Avda. de Madrid (autovía A-55 entre os pp.qq. 0+000 e 2+370), na parroquia de Lavadores, concello de Vigo (Pontevedra).

Asemade, figura no expediente resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 29.04.2024, autorizando o proxecto de construción da remodelación da Avda. de Madrid, necesario ao atoparse, en parte, as actuacións pretendidas dentro da contorna de protección de varios elementos catalogados no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

XI.- A actuación desenvólvese ao longo da Avenida de Madrid, dende a Praza de España (P.K. 0+000) ate a intersección en glorieta coa rúa Gandarón (P.K. 2+370). A Avenida de Madrid constitúe a prolongación urbana da Autovía A-55, na que se intersectan un gran número de rúas da rede local e a accesos tanto veciñais como comerciais. As obras a executar enuméranse a continuación:

- A rehabilitación superficial do firme e posterior repintado de marcas viais.
- A renovación das beirarrúas existentes e a ampliación da súa sección transversal nos tramos onde resulte posible para mellorar a accesibilidade peonil.
- O incremento de la permeabilidade entre marxes mediante a disposición de novos pasos peonís semaforizados.
- A redistribución e mellora da iluminación no tramo, mediante o traslado das luminarias á mediana.
- A disposición de sistemas de contención adecuados ás características do tramo e a eliminación da valla metálica de separación de ambas vías de servizo.
- A remodelación das interseccións existentes nos PP.KK. 0+900, 1+600 y 2+200.
- Reposición de servizos afectados, incluída a renovación da rede de pluviais, rede de abastecemento e reposición da rede de saneamento de fecais.
- Resto de obras complementarias das anteriores, incluída a instalación de rede de rego por goteo en xardinería e disposición de mobiliario urbano e elementos ornamentais.

Fundamentalmente o obxectivo do proxecto é transformar a Avenida de Madrid en unha vía urbana e humanizar a súa contorna, aumentando a permeabilidade transversal para o peón, mellorando a iluminación e o el mobiliario urbano e adaptar as paradas de autobús con criterios de accesibilidade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) MESES.

XII.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asist. Municipal emiten en data 30.05.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29/04/1993, coas súas modificacións puntuais, tendo en conta a declaración de nulidade contida na sentenza de 10 de novembro de 2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16/05/2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG n.º 106, do día 03.06.2008; BOP n.º 151, do 06/08/2008) e do Conselleiro da CMATI do 13/07/2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG n.º 144, do día 24/07/2009; BOP n.º 175, do día 10/09/2009). A actuación prevista discorre en solo incluído no Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU93) e no ámbito do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP), sendo maioritariamente solo urbano cualificado como viario. O proxecto axústase en xeral ás aliñacións sinaladas en estes dous instrumentos tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo de data 02/11/2023.

A avenida cruza sobre el río Lagares no PK 1+920, encontrándose o ámbito de actuación dentro da zona inundable e da zona de fluxo preferente. Dispón de autorización de Augas de Galicia de data 23/04/2024.

O ámbito de actuación encóntrase en parte dentro da contorna de protección de varios elementos catalogados: Pazo, Xardíns e Capela de San Roque incluídos no Catálogo do Plan Básico Autonómico e no PXOM do Concello de Vigo, e polo tanto forma parte do Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia. Dispón de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 29/04/2024.

No proxecto indícase que as actuacións definidas non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Ley 9/2018, polo que non precisa someterse a ningún procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Os custes incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estímanse que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, "PROYECTO DE REMODELACIÓN DE LA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA".

No Informe de supervisión inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao mesmo.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1683/1102

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o **“PROXECTO DE REMODELACIÓN DA AVENIDA DE MADRID. A-55 PP.KK. 0+000 A 2+370. T.M. DE VIGO. PROVINCIA DE PONTEVEDRA”**, redactado polos enxeñeiros Jonás Casquero Cecilio e Pablo Domínguez Gómez, cun base de licitación máis IVE de QUINCE MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CATRO MIL DOUSCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (15.894.233,40 €) e asinado dixitalmente en data 7 de maio de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(407).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretarios damos fe.

SGF/me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Angel Rivas González.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez